

Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975)

INTRODUCCIÓN

Tras a morte do ditador, as Leis Fundamentais prevían a continuación do réxime franquista transformado nunha monarquía non democrática. Juan Carlos I foi proclamado rei nun contexto político de incerteza. Iniciábase un complexo proceso de transición política que levaría da ditadura a un sistema democrático. Este proceso de transición tivo características singulares das que cabe destacar a escasa violencia.

A reforma política impulsada pola oposición moderada e polos sectores aperturistas do franquismo, foi a vía elixida para a democratización do país. Neste proceso promulgouse a **Constitución de 1978**, que segue vixente na actualidade e mediante a que se estableceu un sistema de monarquía constitucional.

A transición desenvolveuse entre **1975, coa subida ao trono do rei Juan Carlos I** **1982**, coa chegada ao poder do **Partido Socialista Obrero Español (PSOE)**. Os logros fundamentais foron:

- A Lei para a Reforma Política,
- A Constitución de 1978 e
- Os Estatutos de Autonomía.

Durante este período España deu un enorme paso modernizador na súa estrutura política e económica e conseguiu consolidar o Estado de Benestar propio dos países industrializados.

As singularidades deste proceso poden resumirse así:

- Foi un cambio baseado no “*consenso*” entre os elementos reformistas procedentes do franquismo e as forzas de oposición máis representativas (PCE, PSOE, CC.OO ...) inspirado no modelo democrático vixente nos países da CEE e tratando de evitar os enfrontamentos que no pasado conduciran á Guerra Civil. Desenvolveuse gradualmente e transformou as institucións franquistas ata facelas desaparecer, evitando a ruptura xurídica.

-O proceso estivo precedido dos profundos cambios vividos pola sociedade española nos anos sesenta: desenvolvemento económico, coa importancia da industria e os servizos, o aumento polo tanto, das clases medias e unha apertura ao exterior. O cambio socioeconómico fixo inevitable o cambio político que homologou a España co resto dos países desenvolvidos.

A TRANSICIÓN POLÍTICA (1975-1978)

As forzas políticas en escena Entre os anos 1969 e 1975 o réxime franquista entrou nun proceso de descomposición. Dentro das forzas franquistas houbo un aumento das tensións entre os partidarios do aperturismo e os inmovilistas.

Estes estaban agrupados arredor do ditador e pensaban que coa Lei Orgánica do 1966 e a proclamación do **príncipe Juan Carlos** como sucesor chegarase ao máximo de concesións. Foron chamados “**o búnker**”. Contaban co apoio de gran parte dos altos mandos do exército. Pero nun réxime tan personalista o deterioro de Franco era motivo de crise. **O búnker** pretendía continuar co franquismo sen Franco. O líder deste grupo era o almirante Carrero Blanco, nomeado por Franco como xefe de goberno en xuño de 1973 e destinado a garantir a continuidade do sistema. Pero en decembro deste mesmo ano morreu vítima dun atentado de ETA. **En 1974 formou goberno Arias Navarro e nun discurso ante as Cortes lanzou un programa “aperturista” coñecido co nome de “espírito do 12 de febreiro”, concretado nun Estatuto de Asociacións Políticas, que foi rexeitado polas forzas democráticas, e mesmo por sectores reformistas do réxime, polas súas limitacións.** Provocou a irritación dos intransixentes do búnker, preocupados polas repercusións da “**revolución dos caraveis**” que rematara coa ditadura de Portugal en abril de 1974 (Salazar). Ao morrer Franco, as

diferenzas entre o búnker (inmobilistas) organizado ao redor de figuras como Blas Piñar, e os "reformistas" agudizáronse.



Entre os "reformistas" había políticos veteranos da ditadura que estaban convencidos da necesidade dun cambio, como **Fraga ou Areilza**, e homes novos que non vivira n a guerra civil e que ían desempeñar un papel fundamental na transición. Adolfo Suárez será a figura crave neste grupo.

Madrid, 20 de novembro de 1975.

Carmen Polo e a súa filla, a marquesa de Villaverde asisten á misa córpore insepulto por Francisco Franco.

As forzas de oposición. As forzas da dereita liberal eran moi débiles e agrupábanse ao redor de figuras como Ruiz Gimenez ou os partidarios de Juan de Borbón, pai do monarca. Entre as forzas nacionalistas hai que destacar a aparición dunha nova forza hexemónica en Cataluña, *Convergència Democràtica de Catalunya* dirixida por Jordi Pujol. No País Vasco, o Partido Nacionalista Vasco será a forza maioritaria.

Teoricamente contrario ao terrorismo, na práctica non se enfrontaba coas accións dunha **ETA cada vez máis activa.**

Entre as forzas de esquerda sobresaía o **Partido Comunista de España**, dirixido por Santiago Carrillo, e, sen dúbida, o partido máis organizado e activo ao acabar a ditadura.

O PSOE celebrara un Congreso en Suresnes (Francia) en 1974 no que un novo grupo dirixente organizado ao redor de Felipe González e Alfonso Guerra chegara ao poder. O **Partido Socialista Popular de Enrique Tierno Galván** era outra forza de esquerda que terminou finalmente por unirse ao PSOE. A hexemonía comunista tamén se reflectía no mundo sindical. **Comisións Obreiras era o sindicato máis poderoso, mentres que a UXT comeza ba a reorganizarse.** A histórica CNT converteuse nunha forza meramente simbólica.

As forzas antifranquistas que operaban desde o exterior agrupáronse en dous organismos: A Junta Democrática, creada en París (xullo de 1974), na que os grupos principais eran o PCE, PTE (*Partido del Trabajo de España*), PSP (*Partido Socialista Popular*) e o sindicato CC.OO (*Comisiones Obreras*) e a Plataforma de *Convergencia Democrática* (xuño de 1975), na que se agruparon o PSOE, varios partidos **socialdemócratas e democristiáns**, e algúns grupos de extrema esquerda: ORT (*Organización Revolucionaria de Trabajadores*) e MCE (*Movimiento Comunista de España*)



Os membros da oposición agrupados en Coordinación Democrática (Platajunta)

Os dous organismos agrupaban a obreiros, estudantes e membros da burguesía favorables ao cambio democrático. Nos seus programas tiñan os seguintes puntos

básicos: amnistía política, liberdade de asociación política e convocatoria de eleccións para Cortes Constituíntes. Agrupáronse logo da morte de Franco en: **Coordinación Democrática ou Platajunta** presentando unha fronte unida que propugnou **á ruptura democrática** é dicir, un proceso constituínte que, a través dun goberno provisional e unhas eleccións xerais, puxera as bases dunha democracia plena. A resposta represiva culminou cos incidentes de Vitoria, en marzo de 1976, cando cinco traballadores morreron a mans da policía.

A reinstauración da monarquía: Xoán Carlos I Á morte de Franco, e de acordo coa Lei de Sucesión franquista, as Cortes proclamaron rei a Juan Carlos como garantía da continuidade do franquismo e das súas institucións. Formalmente, **Juan Carlos I asumía case os mesmos poderes que tivera Franco.**



Na primeira mensaxe da Coroa, Juan Carlos I exalta a figura de Franco e os **“principios do “Movemento”**, pero fixo algunha leve alusión á renovación, sen falar claramente de democracia:

Xuramento do Rei Juan Carlos ante as Cortes franquistas.1975

« Como rei de España, título que me confiren a tradición histórica, as Leis Fundamentais do Reino e o mandato lexítimo dos españois, hónrome en dirixirvos a primeira mensaxe da Coroa (...). Unha figura excepcional entra na historia. O nome de Francisco Franco será xa un fito do acontecer español (...). Con respecto e gratitude quero recordar a figura de quen durante tantos anos asumiu a pesada responsabilidade de conducir a gobernación do Estado...»

«... A Patria é unha empresa colectiva que todos compete (...).Insistamos na construción dunha orde xusta, unha orde onde tanto a actividade pública como a privada estean baixo a salvagarda xurisdiccional. Unha orde xusta, igual para todos, permite recoñecer dentro da unidade do Reino e do Estado as peculiaridades rexionais, como expresión da diversidade dos pobos que constitúen a sagrada realidade de España. O Rei quere selo de todos a un tempo e de cada un na súa cultura, na súa historia e na súa tradición.»

O goberno de Arias Navarro. (novembro 1975-xullo 1976)

Os primeiros momentos da monarquía de Juan Carlos I estiveron caracterizados pola indefinición. Á monarquía cabíanlle tres opcións básicas: permanencia nun franquismo atenuado, reformismo constituínte e ruptura constituínte.

Inicialmente optou polo continuísmo, mantendo a Arias Navarro na presidencia do goberno (xunto a outros franquistas, como Fraga) quen presidira o executivo na fase final da ditadura (1974) nun intento de unir a aperturistas e inmovilistas.

Cando Arias Navarro presentou o seu programa de goberno ante as Cortes, fíxose evidente que apostaba polo continuísmo franquista. A súa proposta era unha reprodución do *“espíritu del 12 de febrero”*. Eran leis moi restritivas sobre o dereito de reunión e de asociación, que non contemplaba a existencia de partidos políticos.

Fotografía: Manel Armengol - España, 1976

A Policía Armada reprime unha manifestación pro-amnistía no Paseo de Sant Joan en Barcelona



O “búnker” estaba preocupado pola repercusión da **revolución dos caraveis** que rematara coa ditadura en Portugal, en abril de 1974.

Os primeiros momentos do reinado de Juan Carlos I. O goberno de Arias Navarro (novembro 1975-xullo 1976)

Os primeiros momentos da monarquía de Juan Carlos I estiveron caracterizados pola indefinición. Moitos sospeitaban que a nova monarquía sería unha mera

continuador do franquismo sen Franco. Con todo, o novo monarca foise rodeando dun grupo de **asesores**, entre os que destacaba **Torcuato Fernández Miranda**, que deseñaron un plan de cambio político. Este cambio veuse en denominar **a reforma**. Tratábase de aplicar cambios controlados que garantisen a intanxibilidade dos funcionarios e militares franquistas e que levasen a un sistema democrático desde as propias leis franquistas.

Nun principio o rei optou por manter á fronte do goberno a Arias Navarro, quen presidira o executivo na fase final da ditadura. O goberno incluía a **Manuel Fraga** no posto clave de ministro do Interior e **figuras novas procedentes do Movemento como Adolfo Suárez ou Martín Vila**.

O goberno de Arias fracasou á hora de implementar un proceso de reformas crible e respondeu con **represión** ás protestas sociais. Unha vagada de folgas estendeuse polo país en xaneiro de 1976. A resposta represiva culminou cos **incidentes de Vitoria, en marzo de 1976, cando cinco traballadores morreron a mans da policía**.¹

Ante a escaseza das reformas os ministros aperturistas saíron do goberno e demostrouse a **incapacidade do franquismo de democratizarse**.

Neste tempo fíxose **público o conflito coa Igrexa, no que parte da xerarquía eclesiástica encabezada polo cardenal Tarancón**, viña criticando ao réxime por falta de liberdades, perdendo este un dos seus apoios máis firmes, incrementouse a **conflitividade social**, a causa do deterioro da economía motivada pola **crise do petróleo de 1973** e por último, aumentaron as **accións terroristas**. **Este primeiro goberno fracasou**, en parte pola acelerada descomposición de todos os aparatos franquistas e en parte pola acción decidida da oposición manifestada en contundentes mobilizacións de masas. **Unha onda de folgas estendeuse polo país en xaneiro de 1976**. Ese mesmo mes de marzo, toda a oposición agrupouse na Coordinación Democrática o que forzou as protestas contra o inmovilismo do goberno de Arias Navarro. Finalmente, **o rei, que non disimulara o seu descontento co labor do executivo, destituíu a Arias Navarro en xullo de 1976**.

Política exterior

En 1975, cando Juan Carlos asumiu xa a xefatura do estado, Marrocos lanzou a **“marcha verde”** sobre a colonia española do Sahara, e despois dunhas breves negociacións, asinou o Pacto de Madrid polo que España entregou o Sahara a Marrocos e Mauritania, en contra das promesas de autodeterminación feitas anteriormente aos saharauis.



por desprazar do goberno aos inmovilistas co visto bo da monarquía. O seu proxecto de

O Goberno Suárez e a Lei de Reforma Política

A tensa situación do país polarizou as posturas dentro da clase política procedentes do franquismo. Os inmovilistas so aceptaban a continuidade do réxime ea represión policial a vez que estimulabana acción dos grupos paramilitares para calar á oposición.

Os reformistas, ante a incapacidade do goberno de Arias Navarro, esforzáronse

¹ O 3 de marzo de 1976, en Euskal Herria, unha das súas cidades, Vitoria-Gasteiz, sufriu a maior agresión vivida na súa historia contra a clase obreira. Cinco traballadores foron asasinados e máis de cen resultaron feridos, a maioría de bala, a resultas dos disparos efectuados pola policía armada española ao desalojar unha igrexa, previamente gaseada, na cal celebrábase unha asemblea de traballadores en folga. Nunha época carente de liberdades, na cal non existían dereitos de folga, manifestación, reunión, etc. e baixo un duro réxime ditatorial, (Franco morrera uns meses antes) en Vitoria-Gasteiz estíbese desenvolvendo un movemento huelguístico amplamente secundado por varias empresas, en base a unhas reivindicacións puramente sociolaborales.

cambio pretendía promover unha reforma progresiva do sistema político a partir da evolución das leis e das institucións franquistas.

O nomeamento de Adolfo Suárez, novo político procedente do Movemento, como novo presidente do goberno foi recibido con decepción entre a opinión democrática. Pese a que o novo goberno estaba formado por ministros aperturistas, moitos pensaron que Suárez non era o home adecuado para liderar o proceso cara á democracia.

Pouco tempo despois, en setembro de **1976, Suárez presentou o proxecto de Lei para a Reforma Política**. Era a concreción lexislativa do proceso de dismantelamento do franquismo desde o propio réxime. Paralelamente, Suárez iniciou contactos discretos coa oposición democrática.

Os sectores máis inmovilistas do franquismo, crecentemente **irritados pola evolución política e os atentados terroristas de ETA e o GRAPO**, empezaron a conspirar para organizar un golpe militar contra o incipiente proceso de reformas. En **setembro de 1976, Suárez nomeou ao tenente xeral Gutiérrez Mellado vicepresidente do goberno. Gutiérrez Mellado foi unha figura clave para controlar o perigo golpista no Exército.**

Pese ás conspiracións golpistas e aos actos terroristas de ETA, a conciencia dos **cambios** eran inevitables, levaron ás **Cortes franquistas a aprobar en novembro a Lei de Reforma Política, o que supoñía o seu "suicidio político"**².



Vista xeral do Pleno da Cortes que aprobou o proxecto de Lei para a reforma

En 1976 os sectores máis lúcidos do franquismo, Torcuato Fernández Miranda, presidente das Cortes, manobrou para impoñer como sucesor a **Adolfo Suárez**. A elección, sorprendeu e decepcionou a gran parte do país: da terna proposta polo Consello do Reino ao Rei, **era o menos coñecido, pero sobre todo porque procedía do aparato falanxista**, pero Suárez, que carecía de apoios sociais, aceptou pilotar desde o

goberno a transición á democracia. Era preciso anular a resistencia dos inmovilistas nas institucións do Estado e atraer ao seu proxecto á oposición democrática. Iniciou contactos coas forzas democráticas e fixo público un programa democratizador que incluía:

- Recoñecemento de que a soberanía residía no pobo
- promesa da convocatoria de eleccións,
- amnistía para os presos políticos
- tolerancia coa liberdade de expresión,
- negociacións para legalizar sindicatos e partidos,
- renuncia de privilexios da Coroa (por exemplo, a presentación de bispos) e conversas discretas e por separado coas diferentes forzas de oposición (excepto a extrema esquerda).

A principal obra do primeiro goberno de Suárez foi a elaboración e aprobación da Lei de Reforma Política (LRP):

■ Proclamaba o carácter democrático do Estado español, baseado na soberanía nacional, e recoñecía os dereitos fundamentais das persoas

■ Definía a nova estrutura das Cortes, que serían bicamerais e elixidas por sufraxio

² (chámanse Cortes Suicidas" porque son as que aínda quedaban do franquismo e, obviamente van desaparecer coa aprobación desta Lei)

universal, con preponderancia do Congreso sobre o Senado

- Por último, a lei facultaba ao Rei para consultar directamente ao pobo en calquera cuestión de interese nacional

A Lei para a Reforma Política. 1976

Art. 1. 1) A democracia, no Estado español, baséase na supremacía da lei, expresión da vontade soberana do pobo. Os dereitos fundamentais das persoas son inviolables e vinculan a todos os órganos do Estado. 2) A potestade de elaborar e aprobar as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 2. 1) As Cortes compóñense do Congreso de Deputados e do Senado.

2) Os deputados do Congreso serán elixidos por sufraxio universal, directo e secreto dos españois maiores de idade. 3) Os senadores serán elixidos en representación das entidades territoriais. O Rei poderá designar cada lexislatura senadores en número non superior á quinta parte dos elixidos.

Art. 5. O Rei poderá someter directamente ao pobo un ha opción política de interese nacional, sexa ou non de carácter constitucional, para que decida mediante referendo, e os resultados imporáanse a todos os órganos do Goberno.

DISPOSICIÓN

Primeira. O Goberno regulará as primeiras eleccións a Cortes para constituír: un Congreso de 350 deputados e elixir 207 senadores a razón de catro por provincia e un máis por cada provincia insular, dous por Ceuta e dous por Melilla. (...) As eleccións ó Congreso inspiraranse en criterios de representación proporcional conforme ás bases seguintes:

- 1. Aplicaranse principios correctores para evitar a excesiva fragmentación da Cámara.**
- 2. A circunscrición electoral será a provincia. (...)**

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Lei terá rango de Lei Fundamental.

**Dado en Madrid a 24 de novembro de 1976.
El Presidente de Gobierno Adolfo Suárez González**

O principal problema da **LRP** era a súa aprobación polas Cortes franquistas, tendo en conta que propoñía o seu propio desmantelamento e o establecemento dunhas novas Cortes bicamerais.

Grazas á habilidade de Torcuato Fernández Miranda e ao apoio do rei a lei foi aprobada nas Cortes mediante negociacións subterráneas do goberno co moitos dos procuradores franquistas, aos que se lles garantiu que poderían manter o seu status económico e social, que non se lles pedirían responsabilidades políticas e que **non se legalizaría ao Partido Comunista.**

A Lei foi ratificada, en referendo, polo pobo español (algo imprescindible que supuña unha modificación das Leis Fundamentais) o 15 de decembro de 1976 e aprobada polo 81% dos votantes. **Os franquistas e a oposición propugnaron a abstención** que foi dun 22,3% e un 2,6% de votos “non”.

Houbo un 77.7% de participación, A oposición, que nun principio desconfiara de Suárez, pasou a aceptar o inevitable: o fin do franquismo non se realizaría mediante o que denominaban a ruptura democrática.

O problema máis grave co que tivo que enfrontarse a reforma foi a oposición fanática dos ultras, que realizaron atentados como a **matanza de Atocha** en xaneiro de 1977, que custou a vida a cinco avogados laboristas e o comportamento do exército.

Este era un dos poderes fácticos do Estado e maioritariamente franquista: **Suárez negociou cos dirixentes militares a súa neutralidade no proceso de reformas, a cambio da promesa de que non legalizaría ao Partido Comunista.**


Ao longo de 1977 leváronse a cabo unha serie de medidas que eran as “condicións mínimas” esixidas polos grupos da oposición desde tempo atrás e que completaron a reforma.

Desmanteláronse as institucións do franquismo:

- Tribunal de Orden Público (TOP),
- Secretaría General del Movimiento,
- recoñeceu o dereito de folga e
- legalizáronse os sindicatos;
- Concedeuse a primeira **amnistía política** e
- legalizáronse os partidos políticos, destacando a do Partido Comunista

A oposición, que nun principio desconfiara de Suárez, pasou a aceptar o inevitable: o fin do franquismo non se realizaría mediante o que denominaban a ruptura democrática (gobierno provisional, amnistía, legalización de todos os partidos, eleccións libres...). En diante, **gran parte da oposición pasou a apoiar un proceso de reforma que ía concluír no establecemento dun xenuíno réxime democrático.**

O ano crave: 1977



O proceso de reformas estivo sempre ameazado por dúas forzas opostas que se alimentaban mutuamente. O ataque do terrorismo e a ameaza golpista chegou a un momento crítico en **xaneiro de 1977**. Os atentados de ETA, GRAPO e extrema dereita (**Matanza de Atocha**) incrementaron a crecente ameaza golpista.

A resposta popular foi unha gran manifestación de repulsa en Madrid que se desenvolveu pacíficamente e que mostrou claramente a vontade xeral de continuar os cambios de forma pacífica. Adolfo Suárez, axuntando coraxe e habilidade política, soubo sortear os obstáculos e adoptou medidas que permitiron o paso a un réxime democrático. **A legalización do PCE en abril de 1977 e a amnistía dos presos políticos levaron á celebración das primeiras eleccións democráticas desde a Segunda República en xuño de**

1977. O partido triunfador foi a Unión do Centro Democrático (UCD), novo partido organizado por Suárez no que se agrupaban os aperturistas do franquismo con algúns elementos moderados da antiga oposición democrática. A UCD obtivo o 34.5% dos votos.

O segundo partido máis votado foi o **PSOE de Felipe González con case o 30% dos votos**. Ante a sorpresa de moitos, o PSOE fíxose coa hexemonía na esquerda. Por detrás quedou o **PCE cun 9.4% e a Alianza Popular de Manuel Fraga co 8.0%**. Convergència i Unió de Jordi Pujol e o PNV constituíronse como as principais forzas nacionalistas. O novo goberno de Suárez aprestouse a facer fronte aos dous principais desafíos do momento: **elaborar unha Constitución que articulara politicamente o novo sistema democrático e facer fronte ao terrorismo de ETA**, que seguía atentando pese a unha amnistía total decretada en outubro de 1977, e ao perigo golpista (**"Operación Galaxia"**³ en 1978). Todo este delicado proceso político debía facerse nun **contexto de profunda crise económica**. A crise do petróleo de 1973 golpeara duramente a España e o paro e a inflación crecían alarmantemente.

Para estabilizar a situación económica as principais forzas políticas asinaron en **outubro de 1977 os Pactos da Moncloa**, unha serie de medidas consensuadas para facer fronte ás graves dificultades económicas.

³ Operación Galaxia foi o nome en clave dado a un plan golpista que tivo lugar en 1978 durante a Transición Española, que máis tarde se pretendía facer pasar como unha simple «charla de café». Toma o seu nome do lugar no que os oficiais que tomaron parte nel reuníronse, a cafetería Galaxia, na cidade de Madrid o 11 de novembro de 1978. Actualmente o establecemento coñécese como «Van Gogh Café».

A segunda lexislatura de UCD e o fin do goberno de Suárez (1979-1981)

Tras aprobarse a Constitución, as Cortes foron disoltas e nas novas eleccións celebradas o 1 de marzo de **1979 volveu triunfar a UCD de eleccións Suárez**. Non ocorreu así nas eleccións municipais, as primeiras democráticas desde a II República, celebradas pouco despois. **A esquerda conquistou os principais concellos mediante a alianza do PSOE e o PCE.**

Pese a esta alianza, Felipe González forzou un xiro político e ideolóxico no PSOE trala celebración da súa XXVIII Congreso. **O PSOE abandonou o marxismo como ideoloxía oficial** e configurouse como un partido de esquerda moderada que podía aspirar ao poder nunhas próximas eleccións.

O ano 1979 iniciouse un proceso de deterioro político que culminará co golpe de estado frustrado en 1981.

Diversos **factores** explican esta crise política:

- A brutal campaña terrorista de ETA que causou 77 mortos en 1979 e 95 en 1980. Eses foron os dous anos máis letais da banda.
- O conseguinte **desasosiego nos círculos militares** de extrema dereita que galaxia iniciaron contactos para a preparación dun golpe.
- O fin do consenso co inicio por parte do PSOE dunha dura campaña de oposición.
- A aprobación dos Estatutos de Autonomía do País Vasco e Cataluña a fins de 1979 e as seguintes eleccións autonómicas que deron maioría ás forzas nacionalistas. Convergencia e Uniu de Jordi Pujol e o PNV.
- **A crise interna de UCD.** As disensións e críticas internas nun partido que nacera de forma artificial foron minando aos poucos a posición de Suárez, a miúdo enfrontado con membros do seu propio partido.

Todos estes factores precipitaron a **dimisión de Suárez o 29 de xaneiro de 1981**. Calvo Sotelo, dirixente de UCD, foi designado candidato á presidencia. Tras non obter maioría suficiente nunha primeira votación, fixouse para o día **23 de febreiro a segunda votación para a súa investidura**. Ese día a democracia española viviu o seu momento máis difícil. **Un golpe de estado dirixido por xerais como Milans del Bosch e Armada, tivo como principal elemento o asalto ás Cortes e o secuestro do goberno e o corpo lexislativo por parte dun grupo de gardas civís dirixidos por Tejero.**

O golpe fracasou coa intervención decisiva do rei e Calvo Sotelo substituíu a Suárez á fronte do goberno.

O último goberno de UCD: Calvo Sotelo (1981-1982). Calvo Sotelo gobernou só un ano e medio nun período marcado pola descomposición do seu propio partido, a **aprobación da Lei do Divorcio** cunha fenomenal oposición da Igrexa e o escándalo do **envenenamiento masivo** por aceite de colza desnaturalizado. En maio de 1982, coa oposición dos partidos de esquerda, España ingresou na Organización do Atlántico Norte (**OTAN**). O PSOE prometeu un referendo popular sobre esta adhesión si gañaba as eleccións.

En outubro de 1982, Calvo Sotelo convocou eleccións. O PSOE conseguiu un triunfo irresistible con máis de 10 millóns de votos e maioría absoluta no Congreso dos Deputados. O proxecto de "cambio" de Felipe González arrojara a unha UCD que case desapareceu nas eleccións e foi substituída pola Alianza Popular de Manuel Fraga como o principal partido da dereita.



O proceso preautonómico

Manifestación en Barcelona el 11 de septiembre de 1977



Ante o desexo de autogoberno de vascos e cataláns, manifestado de forma espectacular o 11 de setembro cando millón e medio de cataláns manifestáronse pola autonomía en Barcelona, o goberno de Suárez iniciou o proceso preautonómico antes da aprobación da Constitución. Suárez optou polo restablecemento formal da Generalitat, en setembro de 1977, e no País Vasco en decembro dese mesmo ano creouse o

Consello Xeral Vasco, como réxime preautonómico para a rexión. **A principios de 1978, Cataluña e País Vasco eran rexións preautonómicas.** Entre abril e outubro de 1978, creáronse por decreto-lei, organismos preautonómicos para o goberno de Galicia, Asturias, Castilla-León, Aragón, Castilla-A Mancha, País Valenciano, Extremadura, Andalucía, Murcia, Baleares e Canarias.

Ante as demandas de autonomía de cataláns e vascos, e en menor medida de galegos, o **gobierno de UCD** optou por impulsar a xeneralización do **principio de autonomía rexional**. Tratábase do que coloquialmente denominouse "café para todos" e prefigurou o futuro constitucional da estrutura territorial de España.

Legalización do PCE. O PCE, convertido pola propaganda franquista desde a Guerra Civil na encarnación de todos os males, foi o partido máis importante da oposición durante toda a etapa franquista. Despois da morte de Franco, o seu máximo dirixente Santiago Carrillo, lanzou mensaxes moderadas favorables ao consenso. En 1976 Carrillo entrou clandestinamente en España. Foi detido en Madrid, pero foi posto en liberdade sen cargos. A democracia non era posible sen a legalización de todos os partidos políticos. A manifestación, pacífica e ordenada, durante o enterro dos avogados laboristas asasinados en xaneiro de 1977 por elementos da extrema dereita aumentou as simpatías cara o PCE, diminuíndo o temor a unha volta ás vinganzas entre a esquerda e a dereita. Suárez aproveitou a Semana Santa de 1977 para decidir a legalización do PCE: os militares sentíronse enganados. Pero non se produciu o temido golpe de Estado, mostrando un cambio nas forzas armadas. **A legalización do PCE,**

dous meses antes das eleccións xerais a Cortes constituíntes, foi a primeira decisión importante que se tomou en España desde a Guerra Civil sen contar coa opinión dos altos mandos do Exército. Despois dunha entrevista entre Suárez e Carrillo o **PCE aceptou publicamente a Monarquía parlamentaria e a bandeira monárquica (bicolor).**

As primeiras eleccións democráticas. 1977

As eleccións constituíntes de 1977 caracterizáronse pola fragmentación política.

- Partidos de esquerda:

Os «históricos», o PCE e o PSOE, non tiñan máis de 10.000 militantes en 1976. Xunto a eles existían pequenas organizacións moi activas, PTE, MCE e ORT. No ámbito do socialismo o PSP encabezado polo prestixioso profesor **Tierno Galván** e outros partidos rexionais (PSC, PSPV,...) que acabarían, o mesmo que o PSP, integrándose máis adiante no PSOE



Carteis das eleccións de 1977

- Partidos de dereitas:

A dereita tiña o problema de que os distintos partidos non eran máis que pequenas agrupacións aglutinadas por persoeiros do réxime franquista:

Alianza Popular formouse en 1976, en torno a Fraga Iribarne, cunha ideoloxía dereitista. Na extrema dereita o partido ultra máis importante estaba liderado por Blas Piñar: **Fuerza Nueva**

- Partidos de centro:

Os distintos grupos situados arredor do centro político — socialdemócratas, liberais e demócrata-cristiáns —, e que en grande medida procedían dos sectores máis aperturistas do franquismo, aliáronse na UCD (Unión de Centro Democrático), coalición electoral liderada polo presidente do Goberno, Adolfo Suárez.

A UCD foi un partido creado desde o poder ao que se afiliaron a maioría dos cargos públicos franquistas (gobernadores civís, alcaldes, etc.)

Partidos nacionalistas:

No País Vasco presentouse o histórico PNV e formouse, primeiro como coalición, un partido nacionalista de esquerdas, Euskadiko Ezquerria

(EE). En Cataluña os nacionalistas de centro-dereita agrupáronse en dúas formacións:


Pacte Democràtic per Catalunya (PDC) liderado por Jordi Pujol e o partido democristián Unió Democràtica (UDC) xa existente na Segunda República. A esquerda nacionalista estivo representada por Esquerra Republicana (ERC), cunha implantación moito menor que durante a República.

Os Partidos nacionalistas galegos (UPG-ANPG constituídos en Bloque Nacional-Popular Galego, e PSG — Partido Socialista Galego —) non obtiveron representación parlamentaria.

A lei electoral favoreceu aos partidos maioritarios.

Os electores rexeitaron as posicións extremas, tanto na esquerda (o PCE só obtivo o 9% dos votos) como na dereita (AP só conseguiu o 8%). Foi o triunfo das posicións centristas e da esquerda moderada (UCD e PSOE). Os votantes castigaron aos políticos franquistas (Fraga) ou que asociaban coa guerra (Carrillo) e favoreceron a políticos novos (Suárez, Felipe González).

As eleccións xerais celebráronse o 15 de xuño de 1977. A xornada electoral transcorreu con absoluta normalidade e unha alta participación. A UCD conseguiu 166 deputados, e o PSOE en segundo lugar con 118 deputados. Aínda que non contaba con maioría absoluta no Congreso, composto por 350 deputados, Adolfo Suárez constituíu o primeiro goberno democrático de España despois da Guerra Civil.



Os Partidos nacionalistas galegos

(UPG-ANPG constituídos en Bloque Nacional-popular Galego, e PSG — Partido Socialista Galego —) **non obtiveron representación parlamentaria.**

A lei electoral favoreceu aos partidos maioritarios.

Os electores rexeitaron as posicións extremas, tanto na esquerda (o PCE só obtivo o 9% dos votos) como na dereita (AP só conseguiu o 8%). Foi o triunfo das posicións centristas e da esquerda moderada UCD e PSOE). Os votantes castigaron aos políticos franquistas (Fraga) ou que asociaban coa guerra (Carrillo) e favoreceron a políticos novos (Suárez, Felipe González).

As eleccións xerais celebráronse o 15 de xuño de 1977. A xornada electoral transcorreu con absoluta normalidade e unha alta participación. A UCD conseguiu 166 deputados, e o PSOE en segundo lugar con 118 deputados. Aínda que non contabacon maioría absoluta no Congreso, composto por 350 deputados, **Adolfo Suárez constituíu o primeiro goberno democrático de España despois da Guerra Civil.**

Debido á ausencia dunha maioría absoluta, Suárez tivo que contar con outros partidos para conseguir aprobar as medidas propostas polo goberno da UCD. Abriuse unha etapa de negociacións e pactos que permitiu que as Cortes aprobasen case por unanimidade o plan de saneamento económico negociado polo ministro de Economía, Fuentes Quintana, coas forzas políticas e sindicais, coñecido como Pactos da Moncloa, polo que os traballadores aceptaban a moderación salarial a cambio dunha serie de contrapartidas como o inicio da reforma fiscal ou a extensión das prestacións da Seguridade Social. Tamén se decretou a amnistía total que daría paso á excarcelación dos presos políticos non afectados por delitos de sangue e que permitiu o regreso de políticos exiliados. Déronse os primeiros pasos para establecer un réxime autonómico mediante o estatuto de preautonomía ou autonomía provisional e celebráronse tamén eleccións sindicais que evidenciaron a forza de CC.OO e UGT.

O proceso constitucional. Ás poucas semanas da súa elección, as Cortes iniciaron os traballos para elaborar a Constitución. As Cortes elixidas en 1977 convertéronse inmediatamente en **Cortes Constituintes.**

Os membros da ponencia constitucional, 1978 (Fotografía de 1978 dos chamados pais da Constitución Española Miquel Roca por Minoría Catalana, Fraga por Alianza Popular, Gregorio Peces-Barba polo PSOE, Jordi Solé-Tura polo PCE; Miguel Herrero de Miñón, Pedro Pérez Llorca e Gabriel Cisneros por UCD.



Se elixiu unha Comisión Constitucional e esta elixiu a sete deputados para elaborar un primeiro texto como proxecto constitucional. Estes sete deputados, os "**pais da constitución**" foron **Gabriel Cisneros, Miguel Herrero de Miñón e José Pedro Pérez Llorca de UCD; Gregorio Peces-Barba do PSOE; Jordi Solé Turá do PCE; Miquel Roca, en representación de Minoría Catalá edo PNV ; e Manuel Fraga de AP.** A ausencia dun representante do PNV ligada á cuestión dos "dereitos históricos", tivo graves consecuencias xa que o principal partido

nacionalista vasco non apoiou finalmente o texto constitucional. A palabra que máis se utilizou durante o proceso de redacción da constitución foi a de "**consenso**". Tratábase de evitar a triste tradición española de "constituicións de partido" que habían jalonado especialmente o noso século XIX. Aquelas cuestións que suscitaban maiores diferenzas foron redactadas de tal forma que puidesen ser aceptadas polas diversas forzas políticas. **Esta é a razón da certa ambigüidade que se pode atopar nalgúns artigos da Constitución.** Tralo seu debate no Congreso e no Senado, o texto final foi aprobado no Pleno do Congreso dos Deputados por 316 votos a favor, 6 en contra e 3 abstencións. Finalmente, o Proxecto de Constitución foi sometido a referendo dos cidadáns o **6 de decembro de 1978.** A Constitución quedou aprobada cun 87,87% de votos afirmativos.

Contido da Constitución 1978.

No título preliminar contéñense os principios fundamentais da Constitución:

Defínese a España como un **Estado social e democrático de Dereito**, proclámase que a soberanía nacional reside no pobo e defínese a forma política do Estado como unha Monarquía parlamentaria.

«Estado social e democrático de dereito»

- **Democrático:** porque recoñece a soberanía popular, a participación política dos cidadáns e a subordinación de todos os poderes á Constitución e á vontade popular.
- **Social:** definición imprecisa que non se traduce en normas xurídicas imperativas, senón nunha simple declaracións de principios que deben orientar a acción dos poderes públicos para facilitar o benestar: educación, vivenda, sanidade, traballo

O artigo 2 fai compatible a unidade da Nación co dereito á autonomía das nacionalidades e rexións. Esta é unha das grandes novidades da Constitución.

Separación da Igrexa e Estado, aínda que hai unha mención á Igrexa católica (que non figuraba na Constitución republicana de 1931). O texto fixa polo tanto **o carácter non confesional do Estado.**

- Recoñecemento das peculiaridades rexionais e do dereito de autonomía (art.2 e Título VIII)
- Ampla declaración de dereitos fundamentais e liberdades civís e políticas que inclúen o dereito á folga e á libre sindicación; aboliu a pena de morte e facilitou a legalización do divorcio⁴.

- Declaración dos principios reitores da política social e económica, recoñecendo a liberdade de mercado, prevé a posibilidade de planificación económica coa intervención do Estado na propiedade por motivos de interese público.

-O exército aparece mencionado no título preliminar, asignándosele a misión de “*garantir a soberanía e independencia de España, defender a súa integridade territorial e o ordenamento constitucional*”.

A Constitución ten un carácter progresista, aínda que presenta certa ambigüidade e eclecticismo, produto do consenso, que permite que o seu desenvolvemento lexislativo fora asumido tanto pola esquerda como pola dereita democrática. Rixidez e dificultade para a súa reforma: esixe 2/3 de votos favorables en ambas cámaras e ser ratificada a reforma e referendo.

O título I é o máis extenso da Constitución e contén os dereitos, liberdades e deberes dos españois. Aquí recóllense *os dereitos individuais como o dereito á vida, á integridade física, a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, á liberdade de expresión, á educación, etc.* Tamén se inclúen algúns dereitos sociais como a protección á familia, dispoñer dunha vivenda digna, gozar do medio ambiente, dereito ao traballo, á protección da saúde, etc. **A única modificación realizada na Constitución ata o ano 2006** realizouse en 1992 para conceder o dereito ao voto nas eleccións municipais aos cidadáns da Unión Europea que viven en España. Esta modificación facíase necesaria trala ratificación por España do Tratado da Unión Europea. **Máis no ano 2011, fíxose outra modificación polo Goberno socialista de J.L. Rodríguez Zapatero co apoio do Partido Popular respecto ao artigo 135,** establecendo no texto o concepto de "estabilidade presupuestaria" e que o pago de débeda pública fose o primeiro a pagar fronte a calqueira outro gasto do Estado nos presupostos xerais, sen enmenda ou modificación posible....é a segunda reforma constitucional trala de 1992.

ORei Juan Carlos I firmando a constitución de 1978

⁴ Adolfo Suárez enfrontouse á Igrexa Católica e promoveu a lei do divorcio en España. Unha reforma que provocou tamén divisións no seo do seu partido, a UCD. A lei do divorcio de 1981 foi unha das máis progresistas de Europa. Aprobar a lei do divorcio non foi sinxelo polo rexeitamento descomunal da xerarquía católica e ata pola oposición dos democristianos da UCD. Este sector chegou a pedir a dimisión do ministro de Xustiza Francisco Fernández Ordóñez que foi liderou a elaboración e aprobación da norma social máis importante daquel entón. “*Non podemos impedir que os matrimonios rómpanse pero si podemos impedir o sufrimento dos matrimonios rotos*”. Palabras coas que o ministro defendía a lei.

O goberno de Suárez fixo unha lei moi progresista. Fernández Ordoñez negociouna coas feministas, co movemento de mulleres e incorporou moitas das súas propostas malia a presión da Igrexa. Nesas reunións co ministro estaba Ana María Pérez do Campo, presidenta da Federación de Separadas e Divorciadas. “*A Igrexa ofrecía unha resistencia feroz. O ministro mantívose firme sempre e Suárez tamén. Hai que agradecerlle á UCD a lei que foi considerada en Europa como unha das leis máis progresistas e foi consensuada connosco*” destaca Pérez do Campo.

A lei do divorcio aprobouse o 7 de xullo de 1981. Entrou en vigor o 9 de agosto e en setembro chegou aos xulgados un aluvián de demandas. O goberno socialista de Rodríguez Zapatero modernizouna en 2005.



No que se refire á Coroa establécese que o Rei é o Xefe do Estado e fíxanse as súas funcións, atribucións e prerrogativas. O seu poder é formal. A Constitución establece a separación de poderes e organiza os poderes do Estado:

- As Cortes están formadas por dúas Cámaras: **o Congreso dos Deputados e o Senado**. Ambas son elixidas por sufraxio universal e exercen o poder lexislativo.
- **Goberno, que exerce o poder executivo, dirixe a política interior e exterior de**

España. Tamén ten potestade lexislativa xa que pode presentar proxectos de leis ás Cortes e desenvolve os reglamentos das leis aprobadas. O Presidente do Goberno é investido polo poder lexislativo.

- **Os Xuíces e maxistrados exercen o poder xudicial. Créase o Tribunal Constitucional** cuxa función é evitar calquera violación da Constitución e vixiar que non haxa leis que contradigan ao texto constitucional. É tamén o máximo órgano encargado de protexer os dereitos e liberdades fundamentais.

No seu título VIII a Constitución de 1978 tratou de abordar un dos problemas históricos do noso país: axuntar a unidade do Estado coa diversidade de rexións e nacionalidades que o compoñen.

Establecéronse as canles legais para que os territorios que o desexasen e que cumprisen unha serie de requisitos puidesen constituírse en Comunidades autónomas.

As Comunidades Autónomas que se constituísen terían un Estatuto de Autonomía no que se recollerían as competencias que asumían. Os Estatutos de Autonomía deben ser aprobados polas Cortes Xerais.

Aprobada a Constitución, constituíronse no período 1979-1983 as actuais Comunidades Autónomas e o noso país quedou conformado por **17 Comunidades e dúas Cidades Autónomas (Ceuta e Mellilla constituídas en 1995)**. Cada unha destas comunidades posúe unha Asemblea Lexislativa e un Goberno propios. A Constitución tamén establece o principio de solidariedade e o equilibrio económico entre as distintas rexións do territorio español.

Constitución de 1978

Art. 1.1. España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político

Art. 1.2. A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.

(Monarquía parlamentaria)

Art. 56. O Rei é o xefe do Estado, símbolo da súa unidade e permanencia, arbitra e modera o funcionamento regular das institucións, asume a máis alta representación do Estado Español nas relacións internacionais. A persoa do Rei é inviolable e non está suxeita a responsabilidade.

(Estado unitario con autonomías)

Art. 2. A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e reconece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

(«Estado das autonomías»)

Art. 137. O Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e nas Comunidades Autónomas que se constituán. Todas esas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

Art. 138. O Estado garante a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 da Constitución, velando polo establecemento dun equilibrio económico adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español, e atendendo en particular ás circunstancias do feito insular.

As diferenzas entre os estatutos das distintas Comunidades Autónomas non poderán implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais.

Art. 143: *As provincias limítrofes con características históricas, culturais e económicas comúns, os territorios insulares e as provincias con entidade rexional histórica poderán acceder ao seu autogoberno. Desde a organización do Estado liberal no século XIX, que plasmara a división do territorio en provincias (1833) nunca antes se tiña producido unha modificación político-territorial tan profunda.*

(Dereitos, deberes e liberdades)

Enumeración detallada dos dereitos individuais dos españois; aboliu a pena de morte e facilitou a legalización do divorcio Deber de contribuír aos gastos do Estado segundo a capacidade de cada un, e á defensa liberdade de expresión, reunión, asociación, manifestación, folga, petición, participación...

CRISE ECONÓMICA E PACTOS DA MONCLOA. .

Todo este delicado proceso político debía facerse nun contexto de profunda crise económica. A crise do petróleo de 1973 golpeara duramente a España e o paro e a inflación crecían alarmantemente. Para estabilizar a situación económica as principais forzas políticas asinaron en outubro de 1977 **os Pactos da Moncloa**, unha serie de medidas consensuadas para facer fronte ás graves dificultades económicas. O clima de consenso entre as principais forzas parlamentarias, permitiu abordar a **difícil situación económica, tratando de evitar un incremento da conflictividade social**. O obxectivo era garantir a estabilidade para facer posible a transición democrática. Asinaron os pactos a maioría das forzas parlamentarias: AP, UCD, PSOE, PCE..e os sindicatos UXTe CC OO **En 1977 a situación económica era desastrosa:**



Os dez líderes políticos que asinaron os Pactos da Moncloa. 1977

- nun país no que se importa o 66% da enerxía, a crise petrolífera de 1973 pasara desapercibida, é dicir os últimos gobernos de Franco non tomaron ningunha medida fronte ao barril de petróleo que pasou en doce meses de 1,63 a 14 dólares.

- as exportacións cobren o 45% das importacións, o país carece de recursos para manter os intercambios co exterior e perde 100 millóns de dólares diarios de reservas exteriores.
- acumúlanse entre 1973 e 1977 14.000 millóns de dólares de débeda exterior, o que representa un importe superior ao triple das reservas de ouro e divisas do Banco de España.
- a inflación está a niveis case latinoamericanos: del 20% de 1976 pasou a mediados de 1977 ao 44%, fronte ao 10% de promedio dos países da OCDE.
- as empresas tiñan débedas de centos de miles de millóns de pesetas o que contribúe a que o paro empeza un longo crecemento: 900.000 persoas das que só 300.000 reciben subsidio de desemprego. Acadou o 10% da poboación activa en 1979

Os sectores máis afectados foron o industrial, a industria de bens de consumo, a siderurxia, a construción naval, os transportes e máis os servizos, especialmente a Banca. Tense caracterizado como un proceso de desindustrialización xa que diminuíu a porcentaxe de poboación ocupada neste sector e a participación da industria na Renda Nacional.

Causas da crise

- Externas.

O contexto internacional era de crise económica desde 1973 coa subida do prezo do petróleo, como xa dixemos antes. A partir de 1975 a economía española sufriu gravemente esta situación debido tamén a causas internas como a incerteza política e o atraso en adoptar medidas contra a crise.

- Internas:

A. Factores políticos: A transición democrática non foi o clima máis propicio para resolver os graves problemas económicos, debido a:

- Escasa atención que se lle prestou á política económica por parte dos gobernos, xa que estaban máis preocupados pola transformación institucional.
- desconfianza dos empresarios (afeitos ao sistema franquista de privilexios) sobre a imprevisible evolución do país e que repercutiu na caída dos investimentos.

As dúbidas dos empresarios centrábanse sobre todo en:

- O mercado laboral e o papel que tería nel o Estado, os sindicatos de traballadores e as organizacións patronais.
- O funcionamento político, en concreto o papel dos partidos políticos de esquerdas que renacían despois de 40 anos e que política económica defenderían. Esta desconfianza non se dissipou ata despois do trunfo do PSOE en 1982, que impulsou unha política abertamente liberal.
- Como se articularían as relacións políticas e económicas de España con Europa e co resto do mundo. Os empresarios apoiaron a incorporación de España á Comunidade Europea (1986) e á OTAN (1982, confirmada por referendo en 1986).

B. Transición económica:

A crise industrial foi máis grave en España que noutros países. Cando se inzou a crise (1973) o franquismo vivía un agónico final. Desde a morte de Carrero Blanco ningún ministro de Facenda, nin no final do franquismo nin durante a vacilante democracia inicial, se atreveu a tomar decisións económicas que fosen moi impopulares. Nos anos finais do franquismo, e considerando de maneira errada que a crise do petróleo era algo transitorio, o goberno decidiu non repercutir o prezo sobre os consumidores, senón que o Estado fíxose cargo do seu financiamento.

O resultado foron enormes déficits na balanza por conta corrente que se mantiveron ata 1984. Finalmente houbo que repercutir o prezo da factura de petróleo no consumo.

As consecuencias foron:

- Inflación (suba de prezos)
- Restrición da circulación monetaria (para tratar de controlar a inflación o Estado limitou os billetes en circulación) a suba dos tipos de xuro (intereses bancarios) que provocaron certa restrición do consumo.
- Dúas devaluacións (1976 e 1977) tratando de encarecer as importacións, favorecer as exportacións e restrinxir o consumo e a inflación.
- Estas medidas, tardías, non puideron evitar a caída dos investimentos, o estancamento do consumo interior e o aumento do paro que caracterizaría á economía española entre 1975 e 1984. Os **Pactos da Moncloa** tentaron, por primeira vez, dar unha resposta a esta crise económica.

Herdanza do franquismo:

A industria que se desenvolvera durante o franquismo tiña graves deficiencias como resultado do antiliberalismo (desprezo do mercado e da competencia), o intervencionismo, desconfianza ante o espírito científico, a defensa dos intereses das oligarquías amparadas polo poder político e unha política enerxética caótica; entre os defectos cabe citar:

- Unha especialización excesiva en industrias tradicionais (técnica, siderurxia, construción naval, minería,...) con tecnoloxía atrasada e que precisaban moita man de obra.
- Un baixo nivel de competitividade debido á tradicional política proteccionista, o elevado grao de concentración (monopolios) e, en certa medida a escasa mobilidade laboral (dificultades para despedir aos traballadores) con cadros de persoal sobredimensionados nalgúns empresas.
- Ausencia de investigacións e por tanto, cunha elevada dependencia de tecnoloxía estranxeira e case nula autonomía técnica.

- Forte dependencia enerxética (o consumo de petróleo por unidade de produción era superior á media europea)
- As industrias tiñan unha elevada dependencia do crédito, polo que eran moi vulnerables ao producirse unha suba dos tipos de xuro.

OS PACTOS DA MONCLOA. 1977

Para poder facer fronte aos problemas económicos era imprescindible un entendemento entre o goberno e as principais forzas da oposición, da mesma forma que se iniciaba a política de consenso. Os Pactos da Moncloa, asinados en outubro de 1977 contiñan unha serie de acordos para a reforma e saneamento da economía e un programa de actuación.

Os obxectivos eran reducir a inflación e a posta en práctica don conxunto de reformas para repartir equitativamente os custos da crise. Para controlar os prezos, ademais de depreciar a peseta, deseñouse unha nova estratexia de control do gasto público, acordouse un programa para racionalizar o consumo de enerxía e pactouse unha moderación salarial. Os asinantes comprometéronse a apoiar unha **reforma fiscal** e un novo marco de relacións laborais, e unha serie de medidas para axilizar a contratación temporal.

Tamén se procedeu a unha **reforma tributaria** para acometer a modernización da estrutura fiscal española, tantas veces atrasada. En 1978 entrou en vigor o *Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas (IRPF)* co que o imposto sobre o traballo que só pagaban os asalariados estendíase a todas as rendas. Cun atraso de case un século, España incorporouse á estrutura tributaria dos países desenvolvidos do seu entorno e puido sentar as bases para a construción do Estado de benestar.

Tamén acometeuse **unha reforma da Seguridade Social** e un incremento do seu financiamento público, que permitiu a extensión do seguro de desemprego e un incremento das pensións de xubilación.

Os pactos da Moncloa de 1977

“Reunidos no pazo de La Moncloa, os representantes dos diversos partidos políticos, con representación parlamentaria, con presidente do Goberno e outros membros deste, aos efectos de coñecer e examinar como primeiro punto da orde do día o programa de saneamento e reforma económica (...)

Un primeiro aspecto sobre o que se alcanzou unha base de entendemento foi no diagnóstico da situación económica do país, cualificada como grave debido á confluencia de diversas crises. A coincidencia neste diagnóstico debe servir, a xuízo dos reunidos, de base para adoptar as medidas que, dentro do marco dunha economía de mercado, resultan imprescindibles para sanear e reformar a actividade económica e que poidan permitir a superación e conseguinte relanzamento.

Foi motivo de especial consenso a necesidade de que os custos derivados da superación da crise sexan soportados equitativamente polos distintos grupos sociais, así como a esixencia da democratización efectiva do sistema político e económico que iso haberá de comportar para a súa aceptación polo conxunto da sociedade”

Pactos da Moncloa. Presidencia de Goberno. Madrid. 1977

OPINIÓNS SOBRE A TRANSICIÓN ESPAÑOLA

« Hai algo que os españois nunca agradeceremos suficientemente a Franco: o terno dado, coa súa desaparición, unha enorme sensación de liberdade.

Iso é o máis importante destes dez longuísimos anos transcorridos desde entón. E que conste que non foron uns anos fáciles. Como se os españois tivésenos a culpa de algo, a morte de Franco coincidiu cunha dura crise económica internacional, na que cada país pechou filas para saír do apuro. Coñecemos as súas secuelas: paro crecente, reconversión industrial, cambio tecnolóxico acelerado, dureza das condicións de entrada na CEE.

Pero pagou a pena. E se alguén o dubida, aí van uns cantos datos para desmemoriados. Hai só dez anos, neste país non se podía dicir o que se pensaba, a risco de perder a liberdade. Non se podía facer uso lexítimo do idioma catalán, do vasco ou do galego sen ser perseguido. Non se podía disentir, nin opinar nin crer. Pero tampouco se podía pisar a herba dos parques públicos, divertirse nas festas colectivas recobradas nin ler os libros que un quería.

E nada disto é unha esaxeración.(...) Por isto temos unha débeda coas xoves xeracións que non coñeceron a privación da liberdade, con esas que non poden crer que son inventadas aquelas historias de "flechas y pelayos", de emblemas do Auxilio Social, de detencións narúa por ter feito un chiste sobre o Xefe do Estado. Temos a débeda de conseguir que todo aquilo sexa irrepetible.

Diez años sin Franco. Desatado y bien desatado. Extra de El Periódico, 1985
«O ambiguo legado da transición consiste en que a democracia goza entre os españois de máis consistente e elevada lexitimidade que nunca e, á vez, a política sofre o mesmo rexeitamento de sempre. O aire que entón se impediu correr polos espazos da política viciouse ata o punto de volverse, durante os últimos anos, irrespirable. A política española necesita romper os estreitos límites en que a transición por arriba acabou por pechala. Recuperar, non a lexitimidade da democracia, que ninguén discute, senón o prestixio da política é quizais a maior conta que deixaron pendente os anos da transición.»

Santos Juliá, en Memoria de la Transición, El País, 1995

A España actual.

Os gobernos democráticos. Cambios sociais, económicos, lexislativos e culturais. A construción do Estado de benestar. Galicia e España na Unión Europea. O papel de España no contexto internacional

A consolidación democrática (1978-1982)

A segunda lexislatura da transición veu marcada polo avance cara a consolidación democrática, pero tamén polo declive do partido no goberno, e por un intento de golpe de Estado para desfacer a nova democracia.

O segundo goberno da UCD

Unha vez aprobada a Constitución, disolvéronse as Cortes e convocáronse eleccións lexislativas para marzo de 1979. Comezaron os primeiros enfrontamentos importantes entre o goberno e a oposición. **A causa foi a negativa do goberno a convocar eleccións municipais, temendo a vitoria da esquerda (o recordo das eleccións do 12 de abril de 1931 estivo presente na decisión). Suárez decidiu convocar antes as eleccións xerais.** Mantivéronse en liñas xerais as tendencias de voto manifestadas en 1977, e non supuxeron o reforzamento da UCD como pensara Suárez, nin o triunfo dos socialistas, como previran os líderes do PSOE.

Excepto no País Vasco e Cataluña, onde tiñan unha presenza importante os partidos nacionalistas, consolidáronse no Estado dúas grandes forzas políticas: unha de centro-dereita (UCD) e outra de centro-esquerda (PSOE). Cabe destacar un **alto índice de abstención o que xunto a escasa militancia política e sindical reflicte o chamado desencanto político da sociedade española.** Neste desencanto tiña moito que ver a persistencia da crise económica que fai perder credibilidade á clase gobernante, incapaz de poñer remedio á situación.

O triunfo foi de novo para a Unión de Centro Democrático, que presidía Adolfo Suárez.

En efecto, a UCD obtivo 168 deputados, o PSOE, 121, e como terceira forza, a moita distancia, quedou o Partido Comunista de España, con 23 escaños. O partido máis a dereita no espectro, **Coalición Democrática, nome baixo o que se presentaba Alianza Popular, só obtivo 10 deputados.**

O novo goberno continuou a actividade reformista na liña deseñada polos Pactos da Moncloa, que implicou a promulgación do Estatuto dos Traballadores (1980). Mentres, non se emprendeu unha política de reformas da estrutura produtiva porque a vida política era a prioridade do goberno. O executivo amosouse inestable, tivo que lles facer fronte a sucesivos cambios ministeriais e Adolfo Suárez comezou a ser contestado como líder do partido ao mesmo tempo que se reforzaban distintas tendencias no interior da UCD. Aos problemas internos do partido gobernante engadíuselles o seu relativo fracaso nas primeiras eleccións municipais democráticas, que se levaron a cabo en abril de 1979, a partir das cales se constituíron concellos de esquerdas nas grandes cidades. Situación semellante produciuse nas eleccións autonómicas no País Vasco e

Cataluña (marzo de 1980), onde a UCD perdeu a metade dos votos conseguidos en 1979.

Os inimigos da democracia:terrorismo e golpismo

O proceso da transición non se fixo sen problemas, debido á existencia de forzasde distinto signo que intentaron frear o avance. En todos os casos a súa estratexia estivo dirixida a aumentar a tensión por medio da violencia, agardando que a desestabilización conducise ao país a unha situación semellante á de 1936. Entre estas forzas haique distinguir entre os ligados ao aparato represivo do franquismo –Exército, policía, Garda Civil -e os grupos radicais.

Por un lado está a extrema dereita –paramilitares, Fuerza Nueva, guerrilleros de Cristo Rey, etc. Integrada por nostálgicos do franquismo cunha simboloxía nazi e que coa conivencia da policía, actúan. Por outro lado están os grupos da extrema esquerda como o GRAPO Grupo Revolucionario Antifascista Primeiro de Octubre). Aínda que a súa significación política foi relativa tivo moito protagonismo na Transición a través de atentados contra o estamento militar ou secuestros tan coñecidos como o do presidente do Consello do Reino, Antonio María de Oriol y Urquijo. Sobre todo están os radicais nacionalistas vascos de ETA. Desde 1977 iniciouse unha escalada terrorista dirixida contra os militares, que en 1980 cobrouse 124 vítimas. A organización contou co apoio dunha parte da poboación vasca, sobre todoen Guipúscoa, que apoiou electoralmente a Herri Batasuna e recolleu desde 1979 o 15 % dos votos no País Vasco. Para realizar as súas accións contou co apoio do “santuario francés”.

Pero o opoñente máis poderoso era o Exército, que deu mostras constantes de descontento conforme avanzaba o proceso da reforma. A escalada terrorista contribuíu a aumentar a hostilidade dos militares e, durante os enterros das vítimas, adoitaban a escoitarse berros contra o Goberno e os seus representantes. **O Goberno non soubo facerlle fronte á conspiración golpista que se anunciaba desde a prensa de extrema dereita lanzando chamadas á destrución dun Estado “incapaz de manter a orde”**

O golpe de estado do 23-F

O coronel da Garda Civil Antonio Tejero paralizando o Congreso dos Deputados, coa pistola na man. 23 de febreiro de 1981

Mentres se celebraba a votación de investidura un grupo de gardas civís dirixidos polo



tenente coronel Tejero entraron nas Cortes secuestrando ao poder lexislativo e executivo. O capitán xeral de Valencia,Jaime Milans del Bosch,decretaba o **estado de guerra e publicaba un bando que recordaba os do verán de 1936. O segundo xefe do Estado Maior do Exército,Alfonso Armada, era outro dos principais golpistas.**

O golpe non contou, con todo, co apoio unitario do exército. O labor dalgúns militares como o capitán xeral de Madrid,

Quintana Lacaci, posteriormente asasinado por ETA, foi clave para abortar o golpe. Os obxectivos dos golpistas eran confusos e seguramente non coincidentes, pero en todos eles había unha clara intención de paralizar o proceso democrático e de outorgarlle ao exército un papel relevante no goberno que debía constituírse posteriormente.A comparecencia do rei en televisión, a mesma noite do 23 de febreiro, (o rei esixiu dos militares lealdade á Constitución esa mesma noite) descualificando aos sublevados e apoiando o réxime

constitucional foi importante para abortar o golpe, xunto a ausencia de apoios en gran parte do exército e a condena por parte da sociedade civil. O 27 de febreiro multitudinarias manifestacións en defensa da democracia percorreron as rúas das cidades españolas.

Discurso do rei Juan Carlos I o 23 de febreiro de 1981

Ante a situación creada polos sucesos desenvolvidos no Palacio do Congreso e para evitar calquera posible confusión, confirmo que lles ordenei ás autoridades civís e a Xunta de Xefes de Estado Maior que tomen todas as medidas necesarias para manter a orde constitucional dentro da legalidade vixente. Calquera medida de carácter militar que no seu caso houbese que tomar, deberá contar coa aprobación da Xunta de Xefes de Estado Maior.

A Coroa, símbolo da permanencia e unidade da patria, non pode tolerar de ningún xeito accións ou actitudes de persoas que pretendan interromper pola forza o proceso democrático que a Constitución, votada polo pobo español, determinou no seu día a través de referendo

Alocución televisada do rei Juan Carlos ás 1.30 horas do 24 de febreiro de 1981.

Descomposición da UCD

A oposición gañaba forza cada vez máis e beneficiábase do malestar social e político así como da crise interna da UCD. En maio de 1980, o poder executivo tivo que someterse a unha moción de censura presentada polo PSOE nas Cortes, que gañaría o goberno con escasa marxe. A partir daquel momento, a actividade gobernamental paralizouse e as reformas que habían de axeitar os aparatos do Estado (Xustiza, exército...) a nova legalidade constitucional quedaron freadas.

Ante o fraccionamento da UCD e o cuestionamento do seu liderado, Adolfo Suárez presentou a súa dimisión como presidente do goberno e do partido o 29 de xaneiro de 1981. Como causa da súa marcha, o presidente referiuse so ao desgaste sufrido logo de cinco anos de goberno, pero as críticas recibidas dentro do seu propio partido tiveron sen dúbida ningunha un papel relevante na súa decisión, así como as fortes presións de sectores empresariais e militares contra a súa persoa.

Cando Suárez dimitiu como presidente, o Rei designou a Calvo Sotelo candidato á presidencia. O propio Suárez dicía da situación do seu partido:

“Cheguei ao convencemento de que hoxe, e nas actuais circunstancias, a miña marcha é máis beneficiosa para España que a miña permanencia na presidencia. Voume, pois, sen que ninguén mo pedise, desoíndo a petición e as presións coas que se me instou a permanecer no meu posto, co convencemento de que este comportamento, por pouco comprensible que poida parecer a primeira vista, é o que creo que a miña patria esixe neste momento. Non me vou por cansazo, non me vou por ter sufrido un revés superior á miña capacidade de encaixe, non me vou por temor ao futuro. Voume porque xa as palabras non parecen ser suficientes e cómpre demostrar con feitos o que somos e o que queremos”

29- Xaneiro 1981

Dous días despois do golpe, **Leopoldo Calvo Sotelo** foi investido novo xefe do goberno. Practicamente a súa política non se diferenciara da anterior de Suárez e o labor lexislativo seguiu adiante no medio de disensións.

O goberno asinou coas organizacións empresariais e sindicais o Acordo Nacional de Emprego, para contribuír, desde o mundo laboral, á estabilidade democrática logo do intento golpista. Así mesmo, a Lei de Divorcio, a que se opuñan os grupos democristiáns da UCD, foi aprobada en abril de 1981, pero a Lei de Autonomía Universitaria foi retirada.

Unha das decisións máis transcendentais do goberno foi a petición de **ingreso de España na OTAN, que se fixo efectiva o 30 de maio de 1982, pero a que se opuxeron os partidos de esquerda**. O PSOE manifestou a súa vontade de someter a cuestión a referendo no caso de alcanzar o poder. Ademais, as reticencias provocadas pola ampla descentralización do Estado español implicaron un pacto entre a UCD e o PSOE, que levou a aprobación da Lei orgánica de Harmonización do Proceso Autonómico (**LOAPA**) o **30 de xullo de 1982, co obxectivo de impedir que fosen desbordados os límites dos poderes entregados ás autonomías**.

Así e todo, Calvo Sotelo non conseguiu frear a progresiva desintegración do partido no goberno nin acadar un entendemento razoable con Adolfo Suárez e os seus seguidores. Suárez abandonou a UCD para crear o seu propio partido, o Centro Democrático y Social (CDS), no mes de xullo de 1982. O 28 de agosto seguinte, o presidente Calvo Sotelo decidiu disolver o Parlamento e convocar novas eleccións. As eleccións xerais de outubro de 1982, que lle deron a vitoria ao Partido Socialista Obrero Español, marcaron o final do proceso de transición e déronlle inicio a unha nova etapa constitucional de consolidación definitiva do réxime democrático en España.

Os desafíos do golpismo e do terrorismo

A nova democracia española tivo que enfrontarse desde a transición a un dobre desafío. O terrorismo de ETA ao que se veu a unir nos primeiros momentos o de grupos de extrema esquerda como o GRAPO, e a ameaza dun golpe militar engadida ao terrorismo de extrema dereita.

A brutal campaña terrorista de ETA causou 65 mortos en 1978, 86 en 1979 e 93 en 1980. Eses foron os dous anos máis letais da banda. Estaba claro que, aínda que nada na ditadura, o principal inimigo do terrorismo nacionalista era a democracia española.

O proceso de reformas estivo sempre ameazado por dúas forzas opostas que se alimentaban mutuamente.

- Por unha banda, as forzas de extrema dereita, nas que se agrupaban os residuos do franquismo máis duro, grupos terroristas como os **Guerrilleiros de Cristo Rei**, **diarios do réxime como O Alcázar**, ou **grupos políticos como Forza Novadirixida por Blas Piñar**. Esta extrema dereita centrou os seus esforzos en alentar un golpe militar que puxese fin ao proceso democrático.
- Doutra banda, **os grupos terroristas nacionalistas como ETA ou de extrema esquerda como o GRAPO**. Cos seus ataques ao exército e as forzas policiais alimentaban as posibilidades dun golpe militar.

A situación chegou ao seu momento de máxima tensión na semana do **23 ao 29 de xaneiro de 1977**, cando unha sucesión de feitos violentos estivo a piques de dar ao traste coa transición. Ao asasinato dun estudante nunha manifestación prol-amnistía por parte dos **"Guerrilleiros de Cristo Rei"**, seguiu o secuestro do presidente do Consello Supremo de Xustiza Militar, o xeneral Villaescusa, por parte do GRAPO e **a matanza de cinco avogados laboristas do PCE en Atocha por grupos de pistoleiros de extrema dereita**.

A resposta popular foi unha gran manifestación de repulsa en Madrid que se desenvolveu pacificamente e que mostrou claramente a vontade xeral de continuar os cambios de forma pacífica.

De calquera xeito, os ataques terroristas continuaron e a ameaza golpista acentuouse. **En 1978 tivo lugar a denominada Operación Galaxia, complot militar para organizar un golpe de estado para acabar co sistema democrático. Nel estaba implicado Tejero, que tres anos despois protagonizaría o golpe do 23 de febreiro.**

Os Gobernos democráticos desde 1982. Os gobernos socialistas de Felipe González (1982-1996)

Na primeira lexislatura socialista (1982-1986), o goberno de González tivo que facer fronte a unha difícil situación económica. O gabinete socialista aprobou un estrito plan de estabilización económica que implicou un proceso de **reconversión industrial** que levou á pechadura de moitas industrias obsoletas. Estas medidas provocaron o desconcerto entre as centrais sindicais, pero **permitiron sanear a economía** e preparala para a recuperación. O goberno socialista tivo que **facer fronte a unha dura campaña terrorista de ETA** e á vez **reformular o Exército** para acabar co perigo do golpismo. Esta reforma foi un dos grandes éxitos do gabinete.

Nesta primeira lexislatura socialista (1982-1986) tamén tería que facer fronte a unha dura campaña terrorista de ETA, con máis de cen mortos durante a lexislatura, e á vez reformar

o Exército para acabar co perigo do golpismo. Esta reforma foi un dos grandes éxitos do gabinete. Os acordos entre España e Francia (1984) permitiron dar un forte impulso á loita contra ETA. **Francia negou en diante o asilo político aos terroristas que fuxían ao país veciño. España era considerada definitivamente un país democrático.** En 1989, o goberno de Felipe González intentou en Argel unha negociación con ETA, que rapidamente fracasou. O goberno intentou previamente acabar co terrorismo de ETA con métodos ilegais. **O GAL, grupo terrorista formado por policías e mercenarios que coa complicidade de cargos do goberno levou a cabo a "guerra sucia" contra ETA de 1983 a 1987. O coñecemento destes feitos pola opinión pública nos noventa foi un elemento crave para entender a derrota do PSOE nas eleccións de 1996.**

O terrorismo de ETA chegou á súa expresión máis sanguenta no verán de 1997 co asasinato do concelleiro do PP no concello vasco de Ermua, Miguel Angelo Blanco. A crueldade da banda terrorista e o labor dos colectivos que levaban anos enfrontándose á violencia no País Vasco desencadeou unha importante reacción popular que veu denominarse o **"espírito de Ermua"**.

O proceso do cambio: Estado de benestar

O cambio socialista concretouse nun amplo programa de reformas cuxa prioridade era a loita contra a crise económica, a racionalización das administracións públicas e o avance cara ao Estado do benestar.

O Cambio non supuña unha transformación radical do país, senón unha modernización que incluía a consolidación das institucións democráticas. **O PSOE recolleu os froitos da moderación ideolóxica plasmada no congreso de 1979, no que renunciou á ideoloxía marxista que o identificara desde a súa fundación.**

Primeiro discurso de investidura de Felipe González. 1982

-Propoñémonos gobernar sobre a base de tres principios que debo proclamar categoricamente: a paz social, é dicir, a seguridade cidadá (...) A unidade nacional, que se fortalece coa diversidade dos nosos pobos (...) O progreso, como instrumento ao servizo da xustiza (...) que nos obriga a loitar contra as diferenzas que privilexian a certos grupos e marxinan a outros.



-O goberno cumprirá a fará cumprir a lei. Non permitiremos ningunha actuación á marxe da Constitución, e os que pensen que poden violentala atoparán unha resposta rigorosa pola nos aparte (...).

Nin o terror, nin a chantaxe, nin os intentos involucionistas desviarán a decisión do Goberno de facer cumprir a Constitución (...).

A crise xeral, xunto coa nosa deficiente estrutura económica, legada do pasado, enfróntanos hoxe con catro desequilibrios fundamentais: o paro (...), a inflación (...), o déficit da balanza de pagamentos (...), e o déficit das administracións públicas (...).

-Traballaremos con tesón para achanzar os obstáculos que aínda se opoñen a nosa plena integración nas Comunidades Europeas (...).

-Examinaremos con toda atención os termos da nosa relación defensiva e de cooperación con Estados Unidos volveremos estudar co rigor necesario para a defensa dos nosos intereses e da nosa dignidade a decisión adoptada polo anterior goberno respecto do Tratado do Atlántico Norte, mantendo o noso compromiso co pobo español

Outras medidas foron a aprobación da reforma universitaria, a LODE, que establecía o ensino gratuíta e obrigatoria ata os dezaseis anos, e unha despenalización parcial do aborto.

España finalmente conseguiu acceder á Comunidade Económica Europea o 1 de xaneiro de 1986. O vello anhel de integración en Europa converteuse en realidade. Como contrapartida, **Felipe González cambiou radicalmente o seu discurso sobre a OTAN. A**

negativa ao ingreso na alianza militar occidental tornouse en apoio. González mantivo a súa promesa de convocar un referendo e **pediu o voto afirmativo á permanencia na OTAN**. O triunfo da postura defendida por González posiblemente marcou o seu cenit como líder político. Nestes anos acabou por deseñarse o mapa autonómico español coa aprobación dos diversos estatutos de autonomía.

O referendo sobre a OTAN

A política respecto da OTAN é un exemplo de cambio na política dos socialistas. Mentres estivo na oposición o PSOE mostrouse contrario tanto á renovación dos pactos bilaterais de defensa cos Estados Unidos como á adhesión á OTAN. Pero unha vez no poder cambiaron de opinión por varias razóns: necesidade de acelerar as negociacións para a entrada de España na CEE, presión dos futuros

socios comunitarios, desexo de acabar co illamento de España e intención de aproveitar a inclusión na OTAN para modernizar o exército. No congreso de 1983 o partido aprobou unha resolución favorable á permanencia. Foi a última discusión que levou o PSOE desde as posicións do socialismo de esquerdas, antiimperialista e neutralista dos primeiros anos da transición ás dun partido pragmático que incluía no mesmo paquete a entrada na OTAN e na CEE. Actualmente, o antigo ministro socialista de Exteriores, Javier Solana, é o secretario Xeral da OTAN.

Despois da firma do tratado de adhesión á CEE, González anunciou o prometido referendo. O PSOE trocou **“de entrada, non” por “en interese de España, si”**.

O Parlamento aprobou a permanencia en decembro de 1985, pero as enquisas mostraron que os españois eran partidarios do non, a pesar das condicións de entrada que se recolleron no preámbulo da pregunta: permanencia na OTAN sen incluír a España na estrutura militar integrada; o mantemento da prohibición de instalar, almacenar ou introducir armas nucleares en España e a redución progresiva da presenza militar de Estados Unidos en España. Sen embargo, España acabou participando non só na estrutura civil, senón tamén na militar.

Iniciouse unha intensa campaña: a comparecencia de Felipe González na televisión o día antes, o apoio da familia real que –en contra do habitual– foi votar, e o apoio da dereita (que non seguiu a consigna abstencionista de Fraga) fixeron que o non que defendían moitos militantes do PSOE e a UGT, fose derrotado cun 39% dos votos emitidos, pero foi maioritario en Navarra, País Vasco, Cataluña e Canarias. A abstención foi a maior desde o inicio da democracia, un 59%. O éxito reforzou a González, que convocou eleccións de seguido.

O desgaste do goberno. As reformas económicas dos primeiros gobernos socialistas supuxeran unha deterioración das relacións entre os sindicatos e o goberno. Os esforzos pola reconversión e a modernización económica foran soportados esencialmente polos traballadores.

A forte oposición de CCOO a algunhas das medidas do goberno, uniuse no ano 1988 a UGT. O resultado foi a convocatoria dunha **folga xeral o 14 de decembro de 1988, que se levou a cabo con notable éxito de participación**. Por primeira vez, un sindicato socialista, a UGT, figuraba como inspirador dunha folga fronte a OTAN, agora si, un goberno do mesmo signo político. Como resposta a grave situación de tensión, **o goberno respondeu cunha serie de medidas sociais e laborais entre 1990 e 1995**: universalizouse a asistencia sanitaria gratuíta, fortaleceuse o sistema de protección contra o desemprego e consolidouse e garantiuse o sistema público de pensións, mediante o **Pacto de Toledo**.

Pero a comezos da década de 1990, as traxectorias do partido e do sindicato socialistas comezaron a diverxer e dentro do partido xurdiron disensións entre os dous grandes líderes socialistas, Felipe González e Alfonso Guerra, que levaron a aparición de dúas correntes políticas: **a dos renovadores (os seguidores de González) e a dos guerristas**. A situación máis grave produciuse por mor dalgúns casos de corrupción atribuídos a persoas vinculadas co goberno (casos de Luís Roldán, director

xeral da Garda Civil, de Juan Guerra, irmán do vicepresidente, ou de Mariano Rubio, gobernador do Banco de España). Á corrupción sumóuselle a chamada "**guerra sucia**" contra o terrorismo, que implicou unha certa tolerancia das autoridades cos GAL (Grupos Antiterroristas de Liberación), grupos de pistoleiros relacionados con sectores da policía e da extrema dereita que perpetraran unha trintena de atentados contra presuntos membros de ETA entre 1983 e 1987.

Financiamento dos partidos e corrupción política

A constitución de 1978 recoñeceu expresamente por primeira vez a existencia de partidos e as súas funcións (art.6). **Pero a actuación dos partidos durante a transición levou a profesionalización da política e á escasa participación da cidadanía.** A desmobilización durante a ditadura e as dificultades durante a transición levaron a partidos burocratizados e disciplinados arredor dun líder, nos que non se permiten as "tendencias" (correntes organizadas de pensamento,internas, diferentes da oficial). A dirección dos partidos controla o acceso dos militantes aos postos de poder, en gran medida mediante a **elaboración de listas pechadas** (a cidadanía non pode votar ás persoas, senón ao conxunto da lista de candidatos). Así, a principal forza dos partidos reside no exercicio do poder. Para exercer este poder hai que buscar o voto da cidadanía mediante campañas electorais moi custosas. As necesidades económicas destas campañas e da propia vida interna dos partidos levou en España – e tamén noutros países democráticos ao financiamento irregular con doazóns privadas a cambio de favores políticos. Escándalos como os chamados caso **Filesa ou Naseiro** débense a esa causa (aínda que tamén houbomilitantes que encheron o seu propio peto).

A ausencia de crítica interna e a defensa corporativista dos membros do partido implicados en casos de corrupción levou a que non se castigase de xeito inmediato aos implicados. A táctica foi retardar a toma de decisións sobre os distintos casos – rexeitándose a súa culpabilidade- ata que esta fose evidente, ben polas investigacións periodísticas (caso Roldan), ben polas investigacións xudiciais (caso Rubio). A corrupción e o abuso de poder son inherentes a todo sistema político, pero a democracia permite denuncialos e castígalos. O grave foi que se deixen medrar sen tomar medidas; negáronse os feitos atribuíndoos a campañas conspirativas da prensa, da oposición, de certos xuíces o que non lle impediu ao PSOE seguir gañando as eleccións (a pasividade da cidadanía ante a corrupción, a boa marcha da economía ata os derradeiros anos e a debilidade da oposición explican as sucesivas vitorias). A asunción de responsabilidades políticas por parte do goberno e do partido – non só nos casos de corrupción, senón tamén n o caso do grupo terrorista GAL- conduciría á caída do maior capital electoral do PSOE: Felipe González.

Evolución dos resultados electorais

Os datos presentan como conclusión máis destacada a continuidade do voto cara os socialistas ata 1993, se ben cunha perda significativa desde as eleccións de 1989, as terceiras consecutivas con maioría absoluta. En 1993 ninguén agardaba un trunfo dos socialistas, pero mantiveron unha maioría relativa ante o ascenso do principal partido da oposición. Polo tanto, deixou de ter maioría absoluta e desde 1982 tivo que gobernar en alianza cos nacionalistas cataláns (CIU)

O cambio de tendencia de voto non se produciu ata 1995 cos comicios autonómicos e municipais e 1996 coas elección xerais. O resultado foi demoledor para o PSOE nos concellos e autonomías (O PSOE perdeu seis autonomías, e só se mantivo en Castilla- La Mancha, Extremadura e Andalucía). A perda nas eleccións xerais foi debida ao propio desgaste de trece anos de goberno, pero tamén aos numerosos casos de corrupción protagonizados polos membros do partido, que saíron á luz pública neses anos. Os resultados de 1996 non foron os agardados pola dereita nin polas enquisas preelectorais. Os analistas políticos prevían unha vitoria máis ampla do PP, como efecto do enorme desgaste do PSOE. Un dirixente do PSOE cualificouna de "**derrota doce (para o PSOE) e vitoria amarga (para o PP)**"

Os límites da vitoria electoral do PP “Inesperadamente a vitoria do PP foi deslucida pola súa parvidade, e inesperadamente o PSOE saíu case ileso da proba. Nin o paro nin o alude de corrupción, nin o GAL fixeron mella nun fidelísimo electorado. A sabedoría da cidadanía deixou ao PP a mercé de CIU e Jordi Pujol. As semanas seguintes reactivaron o esperpento electoral e Aznar afirmou que: en privado falo catalán. Desde 1993 os líderes do PP e o portavoz oficioso do partido, o diario ABC, reprocharon intensamente a alianza contra natura de CIU co PSOE e incrementaron ata o paroxismo as críticas e denuncias á normalización lingüística do catalán pilotada pola Generalitat. Fixeron caso omiso aos consellos de Manuel Fraga “deberíades tratar a Jordi Pujol como un estadista” e contribuíron a fomentar no resto de España unha imaxe perigosamente distorsionada de Cataluña.

O goberno do PP (1996-2000)

José María Aznar non conseguiu a maioría absoluta e viuse obrigado a pactar coas minorías nacionalistas para acceder á presidencia do goberno. **O xiro cara á dereita** viuse corroborado coas vitorias do PP nas eleccións autonómicas e municipais. O ciclo socialista baixo o liderado de Felipe González tocara o seu fin.

Aznar centrou os seus esforzos en implementar unha **política económica ortodoxa que reducise o déficit público e reactivase a actividade económica privada**. O gran obxectivo era cumprir os denominados criterios de converxencia (inflación, débeda, déficit...) establecidos no **Tratado de Maastricht de 1991**⁵ e que unha vez alcanzados permitirían a España unirse á nova divisa europea, o Euro.

A política económica foi un éxito. A actividade económica reactivouse, o paro descendeu de xeito notable e o saneamento da economía levaría a que España participase no nacemento do Euro en 1999.

O cruel asasinato de Miguel Anxo Branco en 1997 suscitou unha gran reacción popular clave para o declive e final derrota da banda.

O goberno de Aznar, co apoio da oposición socialista, lanzouse decididamente a unha política de dureza con ETA e coa contorna nacionalista. A reacción no campo albertzale foi o **Pacto de Lizarra-Estella de 1998**, un acordo de todas as forzas nacionalistas, desde o PNV a ETA, para avanzar cara á independencia. Uns días despois **ETA declarou unha tregua indefinida e sen condicións**. Os contactos entre o goberno de Aznar e o grupo terrorista non deron ningún resultado e un ano despois ETA volveu á actividade armada. O presidente Aznar, que fora vítima dun atentado frustrado en 1995, reforzou a súa política de enfrontamento co nacionalismo vasco en todas as súas tendencias.

As eleccións convocadas no ano 2000 marcaron o momento de apoxeo do PP e Aznar. O novo século iniciouse cunha maioría absoluta do PP nas Cortes.

Os gobernos conservadores do Partido Popular

As eleccións de marzo de 1996 foron ganadas polo Partido Popular, aínda que en número de votos houbo unha escasa diferenza co PSOE: 9,7 millóns para o PP fronte a 9,4 millóns para o PSOE.

⁵ *El Tratado de la Unión Europea* El Tratado de la Unión Europea (TUE), conocido también como "Tratado de Maastricht" por haber sido firmado en esa localidad holandesa, constituye una piedra angular en el proceso de integración europeo, pues, al modificar y completar al Tratado de París de 1951 que creó la CECA, a los Tratados de Roma de 1957 que instituyeron la CEE y el EURATOM, y al Acta Única Europea de 1986, por primera vez se sobrepasaba el objetivo económico inicial de la Comunidad (construir un mercado común) y se le daba una vocación de unidad política. El Tratado de Maastricht consagra oficialmente el nombre de "Unión Europea" que en adelante sustituirá al de Comunidad Europea. El término Unión se usa desde el inicio del Tratado para significar el avance en un proyecto histórico. Así, el artículo A 2e del Tratado de la Unión Europea dice lo siguiente: "El presente Tratado constituye una nueva etapa en el proceso creador de una Unión cada vez más estrecha entre los pueblos de Europa..." <http://clio.rediris.es/udidactica/maastricht.htm>

José María Aznar foi elixido presidente do goberno, **pero ao non ter maioría absoluta, tivo que buscar o apoio das formacións nacionalistas (CIU, PNV e Coalición Canaria),** como xa dixemos no apartado anterior.

O goberno en minoría

A acción de goberno do Partido Popular tivo unha orientación centrista para mantero apoio dos seus socios nacionalistas. José María Aznar fixou como tarefa principal a política económica, tendo en conta que a crise de 1992 freara o crecemento da economía española e elevara a inflación ao 3,5%, o déficit das contas do Estado ao 4,4% do PIB e a taxa de paro ao 22,9 %, a máis alta da Europa industrializada.

O executivo procedeu a unha política social que asegurase o Estado do benestar e iniciou o diálogo con sindicatos e empresarios. O maior logro económico foi alcanzar as condicións que esixía a Unión Europea para o ingreso de España no primeiro grupo de países que haberían de implantar o euro como moeda única en 2002. Para iso levouse a cabo unha enorme operación de **privatización de empresas públicas, que permitiu recadar o suficiente para equilibrar o déficit das contas do Estado.**

Outra medida importante foi a supresión do servizo militar obrigatorio e a creación dun exército profesional, que acabou sendo aprobado no ano 2001. Unha das cuestións máis complexas que tivo que afrontar o goberno foi a súa relación co Partido Nacionalista Vasco e a súa actuación fronte ao terrorismo de ETA.

Despois dunha primeira etapa de entendemento entre o goberno e o PNV, o secuestro e asasinato en 1997 do concelleiro do PP de Ermua, Miguel Angel Blanco, mudou de xeito notable a situación. As mobilizacións de protesta adquiriron un carácter masivo e de forte denuncia non soamente contra ETA senón contra toda a política abertzale. Os partidos nacionalistas interpretaron que se estaba a producir unha fronte dos partidos non nacionalistas e decidiron un cambio de alianzas, que conduciu á substitución do Pacto de Ajuria Enea polo Pacto de Lizarra, en 1998, que incorporaba á esquerda abertzale e excluía todo acordo cos partidos non nacionalistas. Desta forma acentuouse a polarización da política vasca.

O goberno en maioría

As eleccións lexislativas do ano 2000 adxudicáronlle ao Partido Popular a maioría absoluta no Parlamento.

Cun 70% de participación, o PP obtivo 10,3 millóns de votos, mentres que o PSOE quedaba en 7,9 millóns.

O segundo mandato do PP caracterizouse pola boa situación económica, pero o executivo gobernou de forma distinta. Ao contar con maioría absoluta, puido desenvolver o seu programa sen atrancos e modificar a lexislación da etapa socialista, **elaborando unha serie de novas leis entre os anos 2000 e 2002: a Lei de Estranxeiría, que regulaba a entrada e estancia en España dos estranxeiros; a Lei Orgánica de Universidades, que reducía a autonomía universitaria; a Lei Orgánica de Calidade da Ensinanza (LOCE), que reestruturaba as ensinanzas medias e a Lei de Partidos, que ilegalizaba os partidos que non condenasen explicitamente o exercicio da violencia (asasinatos, secuestros, extorsións, etc.) para a consecución dos seus fins políticos.**

O PP tamén tivo que lles facer fronte a cuestións que provocaron unha gran polémica social e erosionaron o seu goberno.

Entre estas cabe citar o **Plan Hidrolóxico Nacional**, que prevía grandes transvasamentos de auga dunhas concas fluviais a outras (do Ebro ao Segura, a maior delas) e o **desastre ecolóxico provocado polo afundimento do petroleiro Prestige fronte as costas galegas (novembro de 2002).**

Ademais, a imposición dunha reforma do subsidio de paro sen ter previamente negociado cos sindicatos provocou unha nova folga xeral o 20 de xuño de 2002, cuxo éxito significou a súa retirada.

O goberno Aznar deu un xiro importante na política internacional española ao se aliñar coa política exterior norteamericana. Deste xeito, España deu o seu **apoio a invasión de Iraq -que non contaba co beneplácito da ONU**

- como resposta aos atentados de Nova York de 2001. A oposición da opinión pública española a intervención militar fíxose patente na proliferación de manifestacións contrarias a guerra.

Manifestación contra a guerra de Irak en Santiago. 2003

Para as eleccións de 2004, José María Aznar propuxo unha renovación na candidatura a presidencia do goberno elixindo a Mariano Rajoy. Pero o 11 de marzo, tres días antes das eleccións, o estalido de dez bombas en diversos trens das proximidades de Atocha en Madrid alteraría dramaticamente a campaña electoral. Nun primeiro momento, o goberno atribuíulle os atentados do 11-M a ETA, cando moitas pistas indicaban unha **orientación islamita vinculada a organización terrorista Al-Qaeda**. A campaña electoral quedou suspendida e desatouse unha "guerra informativa" en cuxo fondo estaba latente a responsabilidade do goberno por ter apoiado unha guerra en contra da vontade da maioría dos españois.

Os gobernos socialistas de novo. 2004

A xornada electoral tivo lugar o 14 de marzo de 2004 nun ambiente político sacudido polo atentado terrorista de Madrid. As previsións que auguraban unha nova vitoria do Partido Popular non se cumpriron, o PSOE conseguiu un maior número de votos e José Luís Rodríguez Zapatero foi elixido presidente do goberno. A inesperada vitoria socialista, que o PP atribuíulle ao ambiente xerado polos atentados, provocou que o clima político da nova lexislatura estivese caracterizado por un alto grao de enfrontamento entre o goberno e a oposición.

A primeira medida adoptada polo novo gabinete foi a **retirada inmediata das tropas españolas de Iraq (abril de 2004)**. Esta decisión supuxo un distanciamento respecto dos Estados Unidos e un retorno ao aliñamento coa política exterior europea.

Tamén o goberno comprometeuse a **retirar o Plan Hidrolóxico Nacional e a reformar as dúas leis educativas aprobadas polos populares**. Tamén levou a cabo un importante labor lexislativo, de carácter cívico e social, que incidiu en aspectos fundamentais da **modernización da sociedade española, como a Lei Orgánica para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes e a Lei de Dependencia**. Lexislouse sobre a violencia de xénero, axilizáronse os trámites do divorcio e da regularización de inmigrantes e introducíronse modificacións no Código Civil para permitir o matrimonio entre persoas do mesmo sexo.

Algunhas destas actuacións foron fortemente contestadas polos sectores conservadores da sociedade e a Igrexa católica.



Lei de Igualdade

A violencia de xénero, a discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a aínda escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar amosan como a igualdade plena, efectiva, entre mulleres e homes, (...) resulta aínda hoxe un labor pendente que precisa de novos instrumentos xurídicos.

Resulta necesaria, en efecto, unha acción normativa dirixida a combater todas as manifestacións aínda subsistentes de discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo e a promover a igualdade real entre mulleres e homes, con remoción dos obstáculos e estereotipos sociais que impiden alcanzala. Esta esixencia derivase do noso ordenamento constitucional e integra un xenuíno dereito das mulleres, pero é un elemento de

enriquecemento da propia sociedade española, que ha de contribuír ao desenvolvemento económico e ao aumento do emprego. (...) A maior novidade desta Lei estriba (...) na prevención desas condutas discriminatorias e na previsión de políticas activas para facer efectivo o principio de igualdade.

Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

En política interior tivo grande importancia o proceso de renovación dalgúns estatutos de Autonomía , como os de Cataluña, a Comunidade Valenciana e Andalucía, co obxectivo de incrementar o autogoberno das Comunidades Autónomas. Nas eleccións levadas a cabo en marzo de 2008,o PSOE revalidou o seu triunfo e conseguiu unha segunda lexislatura para Rodríguez Zapatero

Evolución socioeconómica española

Reconversión industrial

As crises económicas desembocan en procesos de adaptación tratando de recuperar a rendibilidade:

as empresas menos competitivas pechan e os recursos (man de obra e capitais) diríxense a actividades mais produtivas.

Este proceso inevitable implica situacións moi penosas para os traballadores que perden o seu emprego e non conseguen outro (os de maior idade son sempre os máis afectados). Para minorar os efectos da crise os diferentes países europeos promoveron políticas de reconversión industrial nas que se combinaba o seguro de desemprego para os traballadores afectados, indemnizacións por xubilacións anticipadas, programas de formación profesional para orientar a man de obra cara a sectores con mellor futuro e xudas directas (subvencións) para favorecer a creación de novas empresas máis competitivas.

A partir de 1982 o PSOE apoiado por unha ampla maioría parlamentaria, acometeu medidas de reforma estrutural da economía española.

O axuste tivo resultados positivos e melloraron claramente o crecemento do PIB e da renda a partir de 1996 aínda que as taxas do paro seguiron sendo as máis altas de Europa. É difícil atribuír o éxito económico (evidente entre 1985 e 1991) á política económica ou a factores externos como a entrada na Comunidade europea (1986).A política económica de corte liberal concretouse ademais na habilitación dun número importante de “ créditos especiais” destinados á construción naval, ao metro de Madrid e Barcelona e mesmo ás grandes obras públicas realizadas en función da conmemoración de 1992: As olimpíadas de Barcelona e a Expo de Sevilla.

Ao mesmo tempo, o goberno do PSOE tratou de ampliar as prestacións sociais, decretando por vez primeira as chamadas pensións non contributivas destinadas a aquelas persoas que non dispoñían de medios económicos; tamén se estendeu o dereito de todos os cidadáns á Seguridade Social (aínda que esta medida se fixo sen ampliar as infraestruturas sanitarias, co que aínda se agravou máis o seu funcionamento). Pero o desemprego continuou incrementándose e as organizacións sindicais UGT e CC.OO acusaron ao goberno de seguir unha política neoliberal que só beneficiaba aos empresarios e non aos traballadores. A finais de 1988 convocaron a primeira Folga Xeral (desde a Segunda República) que tivo un seguimento masivo. O goberno non tivo en conta o éxito da folga, e mantivo a súa política económica en aberto enfrontamento coas organizacións sindicais, impondo medidas, como a reforma do mercado laboral (establecendo numerosas variedades de contratación temporal e eventual, os chamados contratos basura) coa intención de fomentar novas contratacións, pero que na práctica serviron para que moitas empresas despedisen a traballadores fixos e os substituísen por outros con contratos temporais.

A economía española pasou por diferentes fases:

-Fase de crecemento (1984-1991). Tras o proceso de reconversión industrial e de saneamento do sector bancario levados a cabo polo PSOE, a economía coñeceu unha fase expansiva cunha importante reactivación do investimento, un aumento do PIB e unha sensible diminución da taxa de paro.

-Fase de recesión (1992-1997). A fase de crecemento esgotouse a partir de finais de 1992, debido principalmente as dificultades da economía europea polo afundimento da URSS, a unificación de Alemaña e a recesión económica en Estados Unidos. O ciclo recesivo supuxo a redución da taxa de incremento do PIB e o aumento da inflación e da taxa de paro: case un millón de persoas entre 1991 e 1994 (24% da poboación activa en 1994).

-Fase de crecemento (1998-2008). O goberno do PP coincidiu cunha etapa de recuperación mundial da economía. A baixada dos tipos de xuros fomentou o investimento e mais o consumo: o investimento aumentou un 10% e creáronse dous millóns de postos de traballo. Na fase final, o aspecto máis negativo foi a enorme suba do prezo das materias primas e dos produtos enerxéticos, so freada co inicio da crise financeira internacional en 2008.

Malia o intenso crecemento das últimas décadas, a economía española seguiu mantendo algúns importantes problemas estruturais. As súas taxas de desemprego figuran entre as máis elevadas dos países industrializados de Europa, o déficit exterior mantívose elevado como consecuencia das crecentes importacións de enerxía e de produtos industriais, e persiste un certo atraso tecnolóxico. Ademais, o crecemento español apoiouse excesivamente no mercado inmobiliario, potenciado polo elevado prezo das vivendas, os baixos tipos de xuros e a abundancia dos préstamos hipotecarios dos bancos aos compradores.

Evolución da economía española desde 1977 a 2008

En 2008 iniciouse unha crise financeira provocada polo afundimento das bolsas internacionais como consecuencia das chamadas "hipotecas basura" de Estados Unidos. Isto implicou un radical retroceso na concesión de préstamos, o que repercutiu moi negativamente no mercado inmobiliario e provocou un descenso do consumo. O parón da construción en España veu seguido dunha crise industrial derivada das dificultades financeiras das empresas e do descenso do consumo.

As medidas destinadas a paliar os efectos da crise estanse a tornar por primeira vez de forma concertada a nivel europeo e internacional e consisten en outorgarlles axudas públicas a sectores que se atopan en crise (basicamente o financeiro, pero tamén outros

como o automobilístico) e levar a cabo programas de gasto público e protección social. Esta rectificación das políticas neoliberais, habituais nas directrices económicas dos últimos vinte anos, veu acompañada dun incremento do papel regulador dos Estados e das organizacións internacionais.

O cambio demográfico e social en España

Nos últimos trinta anos, a sociedade española coñeceu importantes cambios demográficos e de mentalidade social. España pasou de ser un país de emigrantes a ser un país receptor de inmigración. No ano 2007, a poboación residente en España acadou os 45,2 millóns de habitantes, unha cifra impensable hai tan so doce anos, cando se cría que o reducido crecemento natural, a baixa natalidade e o progresivo avellentamento da poboación conducirían ao estancamento demográfico. Pero estas previsións víronse alteradas como consecuencia da masiva chegada de inmigrantes: no ano 2007 os estranxeiros residentes eran 4,5 millóns, o 10% da poboación, cando en 1998 non superaban os 700 000. Así pois, o 84 % dos inmigrantes chegaron a España nos últimos dez anos.

Cambios políticos sociais e económicos

As transformacións que viviu o país durante o período democrático foron espectaculares. Evidentemente, o fin dunha ditadura que durara décadas e o advenimiento dun sistema plenamente democrático constituíu o gran cambio político. España está vivindo o período democrático máis longo da historia. Ademais, si exceptuamos a curta e incompleta experiencia da segunda república (1931-1936), a pluralidade do país reflectiuse na constitución e as comunidades autónomas configuraron un estado cun alto grado de descentralización.

A sociedade viviu un proceso de cambio nunca visto en tan curto tempo. En primeiro lugar, os españois e españolas teñen moita menos descendencia. **O descenso drástico da natalidade iniciado nada máis comezar o período democrático levou a España a ser un dos países do mundo con menor crecemento vexetativo.** Este cambio unido ao desenvolvemento económico propiciou outra transformación crave: un país que tradicionalmente enviara aos seus fillos e fillas á emigración, **comezou a recibir inmigrantes doutros países. A inmigración cambiou a paisaxe humana e cultural do noso país. Para rematar, as mulleres españolas protagonizaron un proceso de liberación sen precedente no noso país.**

A economía modernizouse de forma moi significativa, converténdose nunha economía postindustrial na que 2/3 da poboación activa emprégase no sector terciario. Tamén se internacionalizou, aparecendo empresas de ámbito mundial como **Inditex ou Banco Santander.** Nun proceso interrompido polas crises económicas, o país avanzou cara á converxencia cos países da Unión Europea. Si en 1975, a renda per cápita española equivalía ao 79 % da comunitaria, no ano 2000 aproximábase ao 85%. A nova España democrática viviu un auxe nunca visto nas actividades e, sobre todo, nas **infraestruturas culturais.**

A liberdade de expresión propiciou movementos culturais que acabaron definitivamente coa España tradicional e católica. Desde os anos da "movida madrileña" dos anos oitenta, as novas xeracións optaron por uns **valores e unha cultura moito máis tolerante e aberta.** A sociedade secularizouse, as mulleres alcanzaron niveis de igualdade nunca vistos e a diversidade da nosa sociedade aflorou á superficie. A consecución de dereitos por parte dos homosexuais é un dos exemplos máis evidentes⁶.

⁶ Tendo en conta que a Lei de matrimonio homosexual aínda chegou co Presidente Zapatero no ano 2005.

Durante este período a cultura española foi recoñecida internacionalmente: Premios Nobel de Literatura a Vicente Aleixandre e Camilo José Cela; Premio Pritzker de arquitectura a Rafael Moneo; Óscares á mellor película de fala non inglesa Garci, Trueba ou Almodóvar, recuperando o prestixio que tivera antes da Ditadura.

A integración de España en Europa. España na Unión Europea. O papel de España no contexto internacional. A integración de España en Europa.

En 1962, o Goberno de Franco solicitou á Comunidade Económica Europea, fundada en 1957 e antecedente da Unión Europea, a apertura de negociacións para a asociación con vistas a unha **adhesión futura**. O réxime franquista era consciente que a adhesión plena era imposible. Uns poucos meses a **Asemblea Parlamentaria da CEE aprobou unha resolución na que esixía que os países que aspirasen a ingresar na Comunidade tivesen un sistema político democrático**.

En 1970, España asinou un acordo preferencial coa CEE. Limitado estritamente ao terreo comercial, o acordo poñía de relevo a **marxinación internacional do réxime franquista**. A morte do ditador renovou as esperanzas de adhesión a unha Comunidade que fora un gran éxito económico. As negociacións para a adhesión iniciáronse en 1979 durante o goberno de UCD. O proceso foi complexo. As dúbidas sobre a solidez do sistema democrático español (golpe de Tejero en 1981) e sobre todo a apreensión de determinados países ante a posible competencia dos produtos españois dilataron as negociacións.

Tras unha longa e complexa negociación, **España finalmente conseguiu acceder á Comunidade Económica Europea o 1 de xaneiro de 1986**. O vello anhel de integración en Europa converteuse en realidade.

España na Unión Europea.

España foi e segue sendo un dos países máis "europeístas" da Unión. A diferenza doutros países, no noso país non xurdiron movementos políticos significativos contrarios ao proceso de integración europeo

O ingreso na CEE foi **no seu conxunto moi positivo para o noso país**. A adhesión a un grupo selecto de países desenvolvidos e democráticos axudou a asentar a nosa democracia e a desenvolver a nosa economía. En 1992, os Estados membros instauraron o chamado **Fondo de Cohesión** para proxectos de medio ambiente, infraestruturas de

transporte e enerxía en países cun nivel de renda por baixo do 90% da media da UE. Como consecuencia diso, **España obtivo, xunto ao resto dos fondos estruturais recibidos, un inestimable apoio para a revitalización e o desenvolvemento rexional**.

Ese mesmo ano a CEE cambiou o seu nome por **Unión Europea**.

O noso país participou de forma activa en todos os procesos e iniciativas emprendidas pola Unión. O Tratado da Unión Europea (1992) a creación dunha Unión Económica e Monetaria coa introdución dunha moeda única. Dela formarían parte os países que cumprisen unha serie de condicións. Finalmente, os estados membros da Unión Europea acordaron o 15 de decembro de 1995 en Madrid a creación dunha moeda común europea baixo a denominación de euro. Pese ás dúbidas sobre as posibilidades da economía española, o noso país incorporouse á nova moeda xunto aos países máis desenvolvidos da Unión. Os novos billetes e moedas empezaron a circular o 1 de xaneiro de 2002.




O papel de España no contexto internacional

O papel internacional de España incrementou tralo final do franquismo. A ditadura provocara a marxinación do noso país das principais organizacións internacionais, como a OTAN e a CEE. Ao converterse nunha democracia, España puido acceder a estas organizacións e ter a súa voz nelas.

Mentres que a adhesión á CEE era un obxectivo compartido por practicamente todas as forzas políticas españolas, o ingreso na OTAN, a gran alianza militar de occidente, suscitaba grandes diferenzas. A maior parte das forzas de esquerda eran contrarias a unha organización que vían como un instrumento de EEUU no contexto da guerra fría. Non se debe esquecer o papel da potencia norteamericana no asentamento do réxime de Franco.

O goberno da UCD comunicou en 1981 á Alianza a súa intención formal de adherirse ao Tratado de Washington. Case de forma automática recibiu a invitación do Consello do Atlántico Norte (CAN) para iniciar o proceso de adhesión e en maio de 1982 España se converteu en membro da Organización do Atlántico Norte. A esquerda, co PSOE á fronte, opúxose a este ingreso. Felipe González suscitou a necesidade dun referendo no que aparentemente o PSOE pediría a saída da OTAN. Con todo, o ingreso de



España na CEE provocou radicalmente o seu discurso sobre a OTAN. **A negativa ao ingreso na alianza militar occidental tornouse en apoio. González mantivo a súa promesa de convocar un referendo e pediu ovoto afirmativo á permanencia na OTAN.** O triunfo da postura defendida por González posiblemente marcou o seu cenit como líder político. Dentro da colaboración con outros países europeos hai que destacar **especialmente a colaboración con Francia contra o terrorismo etarra.** Iniciada con Felipe González, foi un elemento crave na derrota da banda.

A nosa pertenza á OTAN incrementou a nosa **presenza militar en exterior de forma significativa.** O caso máis destacado foi nosa

participación nas accións emprendidas pola Alianza nos conflitos na antiga Yugoslavia (Bosníaca e Kosovo) nos anos noventa.

Sendo a Unión Europea e a OTAN os ámbitos esenciais da política exterior española, o noso país ten especial interese por razóns históricas e estratéxicas en dous ámbitos xeográficos: Latinoamérica e o norte de África.

As empresas españolas penetraron de forma significativa en Latinoamérica, unha presenza que ás veces creou controversia e problemas. Os Cumes Iberoamericanas foron o principal

vehículo para concretar o noso interese nos países de fala hispana e portuguesa en América. As relacións cos países norteafricanos, e moi especialmente con Marruecos, foron outro eixe fundamental da



política exterior española. Alcanzáronse acordos importantes no referente ao abastecemento de gas argelino e mantense unha importante colaboración con Marruecos en temas migratorios e, recentemente, de terrorismo.

Consecuencias da incorporación de España á UE

-A adhesión de España á CEE foi un éxito económico, que ademais foi inmediato. Coa incorporación como membro de pleno dereito á CEE, o horizonte económico español quedou clarificado e un clima de seguridade e confianza instalouse nos operadores económicos, o que estimulou fortemente o investimento, tanto nacional como estranxeira. Serviu de estímulo para a economía española. España, ademais beneficiouse de cuantiosas axudas económicas dos Fondos estruturais e os Fondos de Cohesión.

-Con todo, **algúns sectores víronse prexudicados** como o sector lácteo, o pesqueiro, o plátano canario, que perdeu o monopolio do mercado español etc., mentres o sector agrario está fortemente subsidiado. De feito, a cuarta parte dos ingresos dos agricultores españois provén das axudas da Unión.

-Desde inicios do século XXI cada vez máis van diminuindo as axudas da Unión Europea ao noso país posto que van maioritariamente destinadas aos novos estados que se van integrando na U.E., fundamentalmente países da Europa do Leste.

-Desde o punto de vista político e social, a integración na Unión Europea ⁷ supuxo o fortalecemento e recoñecemento internacional para a nova democracia española. Foi tamén moi positiva a libre circulación e residencia da cidadanía da Unión Europea, posibilitando así, intercambios culturais, desenvolvemento económico, etc, ao mellorar as posibilidades da mesma de acceder ao mercado do traballo.

Conclusión

-A influencia da construción europea sobre o proceso de integración e consolidación democrática de España foi esencial. Unha vez que España, con todo tipo de dificultades, conseguiu converterse nun estado democrático, quedaba pendente a integración internacional do noso país, que se plasmaría no ingreso en dúas grandes organizacións occidentais: a OTAN e a CEE.

⁷ O Acordo de Schengen é un acordo polo que varios países de Europa suprimiron os controis nas fronteiras interiores (entre eses países) e trasladaron eses controis ás fronteiras exteriores (con países terceiros). O acordo, asinado na cidade luxemburguesa de Schengen en 1985 e en vigor desde 1995, establece un espazo común - denominado espazo de Schengen- polo que pode circular libremente toda persoa que entre regularmente por unha fronteira exterior ou resida nun dos países que aplican o Convenio. O Acordo foi integrado nos tratados da Unión Europea desde o 1 de decembro de 2009, onde segue aínda vixente . En total, os países que forman parte do espazo de Schengen son 26: Alemania, Austria, Bélxica, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estoniana, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Islandia, Italia, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Malta, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, República Checa, Suecia e Suíza. Este último país votou o 9 de febreiro de 2014 en referendo, restrinxir o acceso ds cidadanía de Europa ao seu territorio, o que pode levarlle a abandonar o espazo de Schengen. Existen países que pertencen ao acordo de Schengen pero que teñen excepcións na aplicación dalgúns puntos do acordo e non pertencen ao espazo de Schengen. Por exemplo, Reino Unido e Irlanda non forman parte do espazo de Schengen pero participan na cooperación policial e xudicial e na loita contra estupefacientes. Outros como Bulgaria, Rumanía e Chipre aínda non pertencen ao espazo de Schengen porque non cumpren cos requisitos de seguridade establecidos, aínda que si aplican outras partes do acordo. Islandia, Liechtenstein, Noruega e Suíza, que non son membros da UE, chegaron a un acordo para formar parte da zona Schengen, aínda que Suíza votou en referendo abandonalo. Croacia, último país en incorporarse á UE, quería integrarse no acordo en 2015.